



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2008.-

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a Maria Victoria Montenegro Paz. D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. Francisco García Prego. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D^a Josefina Martínez Martínez D. Fernando Otero Prieto. D^a. María Mercedes Grande Regueiro. D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D^a Josefina Martínez Martínez.</p> <p><u>Sr. Secretario.:</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e nove minutos do día trinta de outubro de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25-09- 2008.-

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifesta que na súa última intervención da Moción do Grupo Municipal do BNG sobre a situación do C.P.I Conde de Fenosa, no punto núm. 13 ó final, xusto antes da votación hai unha intervención miña que según acabamos de comprobar no audio, que ten unha duración de casi trinta minutos e está reducida unica e exclusivamente a oito lineas que veñen aquí, se omiten datos, expresións e afirmacións que eu fixen aquí que eran fundamentais, como a lectura do documento elaborado polo Consello Escolar do C.P.I. onde dalgunha forma se escenifica a situación que hai no propio Centro, de afirmacións da propia Conselleira e das notas de prensa que quitou o propio Concello, polo tanto a nosa petición e clara: Que se inclua toda a intervención que figura no audio porque todas as afirmacións todos os datos que se aportan, son fundamentais, non so para entender, a razón da presentación da nosa Moción nese momento, senón para entender algunhas cousas que pasaron con posterioridade, que curiosamente se mutilan, pensamos que esta acta está mutilada, e ademáis nos tememos moito que non sexa un feito casual, o mellor esta é a razón de que a acta non chegara ó noso poder coa convocatoria da Sesión, senón dous dias despois. En todo caso non é un problema técnico é un problema político, falta unha



parte sustancial da intervención do Portavoz do BNG, con cousas sustanciais polo tanto pedimos que se revise o audio e que se inclúa todo o audio das miñas intervencións e das intervencións do Sr. Alcalde.

Concedida a palabra ó Sr. Secretario, manifesta que o funcionario que pasa as Actas colleu vacacións, puxose a toda presa a pasar as actas, penso que Vde se refire o parrafo que dí o Sr. Rodríguez Doval manifesta que (son sete ou oito liñas) hai meter toda a intervención, non hai ningún inconvinte.

O Sr. Rodríguez Doval, dí que o Sr. Secretario entendeu ben, que antes da votación hai unha intervención miña e outra final do Sr. Alcalde onde se manifesta que se transaciona a Moción, nos queremos que conste en acta porque se omiten datos sustanciais a respecto do que se falou aquí, sen os cales non se entende nin o debate que houbo nin cousas que pasaron desde hai un mes a hoxe, pedimos que se revise o audio e que se incorporen o conxunto das intervencións.

Acto seguido sometese a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 25 de setembro de 2008, co condicionante de incorporar o audio neste punto, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e incluíla seguinte intervención:

“O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o do Centro Novo, non o inventa o Bloque, está reflexado nun escrito que nos pasou a Dirección do Colexio, chegan a esa conclusión, eu quero pensar, que a Dirección do Colexio coñecera a situación, remata “analizando esta situación a comunidade educativa, desde este centro queremos ante unha situación urxente para resolver este conflito e poder atender as necesidades e mellorar a calidade de ensino dos alumnos deste Centro, por todo isto manifestamos que é un imprescindible a realización dun Centro Novo”, e hai unha contestación da Consellería que lle da o BNG que é demoledora, que lle di que ese Centro non vale.

O Sr. Alcalde manifesta que se refire o Centro infantil.

O Sr. Rodríguez Doval, di que o centro non vale no seu conxunto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é consciente que en Ares durante anos non se realizou unha planificación dos recursos educativos de acordo coas necesidades, o CPI de Ares é un centro que acolle alumnado infantil, primario e de ESO, isto nun centro que era orixinalmente de primaria e que foi reconvertido para escolarización dos alumnos de ESO provoca problemas agora, a administración educativa oferta en todo caso as prazas escolares “ ben todos lemos, o problema esta en todo porque hai aulas que se estan utilizando os pasillos que non padecen os de infantil, hai situacións que padecen outros cursos por utilización dos espazos que esta padecendo toda a comunidade escolar, incluídos os profesores, e os pais e as nais que van ali, fisexe vostede, non é soamente que as aulas de infantil esten en condicións, se resinte deso a comunidade escolar porque hai que quitar de onde non hai, non hai espazos para xogar, en todo caso o de que hai que facer un novo Centro é unha das posibilidades, eu creo que o que estamos nos facendo hoxe aquí e tendo unha visión, non lle estou



obrigando á Consellería a que faga un centro novo, mire lea a Moción, e vamos a concretalo o mellor ese centro novo é unha ampliación para infantil, non o sei, desde logo o que dí a comunidade escolar non é eso, eles falan dun centro novo, eu creo e digo sinceramente que si a ratio sigue así, se o ciclo sigue así efectivamente a única solución sería un centro novo, tamén teño as miñas dúbidas de que esto sexa un ciclo que se vai a manter no tempo durante algún tempo, e eu son partidario de que a Administración opere con racionalidade, pero eu a estas alturas vendo o centro dame a impresión de que o teríamos que poñer enriba da mesa e dame a impresión do que puxo vostede, porque eu teño aquí unhas declaracións do 24 de xuño –visita da Conselleira-Educación estudiará a execución dun novo colexio en Ares, o estudiará, ¿e nos podemos pedirlo?, se cando o estudie entende que e mellor facer unha ampliación de dúas aulas a mín me vale perfectamente, eu non quero impoñerlle a Consellería de Educación que faga un centro novo, senón que lle de unha solución a esto, e eu creo que a única solución de manterse estas constantes pasa polo centro novo, se se esta pedindo é concretar a definición das posibles alternativas, eu desde logo teño a miña e nesa reunión que fagan de voceiros manterei o de que se faga un centro novo, pero teño as miñas dúbidas tamén, pero que hai que facer obra nova e que vamos ter poñer terreos e que a administración educativa vai ter que acometer obra eso é impepinable, a eso é a que nos estamos a referir, agora hai que darlle unha solución a esto, non vaia ser que non teñamos centro novo nin ampliación e os nenos e nenas sigan na situación que están a mín eso e o que non me vale.

O Sr. Alcalde manifesta que neste momento en educación infantil hai 50 prazas e están as 50 ocupadas, se hai un máis non hai posibilidades, para o ano a previsión baixa a 36, esto é unha punta que non quita que a situación de infantil sexa nefasta, o problema o que nos enfrentemos e querer o mellor que pode ser irreal ou a unha ampliación que pode solventar os problemas, aquí a Moción fala dun centro novo en non deixa outras opcións.

O Sr. Rodríguez Doval di porque hai que facer un centro novo, cando menos para infantil, será un centro novo, encima dese non se pode construír, técnicamente ese centro non ten solución.”

Punto núm. 2.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL DE 31-07-08 (PROINGA SERVICIOS INGENIERIA S.L.).

Dada conta da Sentencia do Xulgado Contencioso-Administrativo Unico de Ferrol de 31-07-08, coa seguinte **PARTE DISPOSITIVA:**

“El anterior escrito de fecha 24 de junio de 2008, presentado por la procuradora doña Ana Seco Lamas, en nombre y representación de “PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.” evacuando el traslado conferido por el auto de 29 de mayo de 2008 para oírlo sobre la admisión del recurso; POR PRESENTADO, UNASE a los autos de su razón.



Constando de modo inequívoco y manifiesto que **EL RECURSO SE INTERPUSO CONTRA ACTIVIDAD NO SUSCEPTIBLE DE IMPUGNACIÓN, DECLARO QUE NO HA LUGAR A LA ADMISIÓN DEL RECURSO** interpuesto por la procuradora doña Ana Seco Lamas, en nombre y representación de “PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.” en relación con la “resolución del Ayuntamiento de Ares de fecha 28 de junio de 2007 por la que se “acorda por unanimidade interesar a Resolución amistosa de dito Contrato” y con el “acuerdo de resolución por la que se ordena el cierre de las oficinas en las que mismas (sic) mandantes venían prestando los servicios de atención al ciudadano en materia de información catastral.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE I.P.C. ORDENZANZAS FISCAIS.-

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que si se revisa o debate que tivemos o ano pasado sobre estas mesmas datas, a respecto deste punto, neste caso a revisión do I.P.C. para o ano 2008, quedará reflectivo que nos fixemos unha consideración a respecto da necesidade dun debate profundo sobre a reordenación de toda a estrutura fiscal que temos actualmente no Concello, en dous sentidos, o primeiro deles e que nos discrepabamos dun sistema que estaba viña derivado dunha aplicación que se fixo nalgunhas ordenanzas por parte da Corporación anterior, do cal xa nos discrepamos no seu momento, e fundamentalmente a necesidade de reordenar todo ese sistema, en función dunha situación nova, que se planteaba coa aparición de novos conceptos e coa desaparición dalgún deles. En base a esa situación nos o ano pasado dicidimos que mentres non se dera ese debate, non podíamos estar todos os anos co sistema de aplicar o I.P.C. de maneira mecánica, e decir nunha palabra, dar o debate e reordenar e implementar un novo sistema fiscal neste Concello. Naquel momento había un certo compromiso de que era necesario facer este proceso, e chegamos a día de hoxe e na Comisión de Facenda da que eu formo parte, non se deu o debate a respecto deste tema, e a proposta que se nos trae por parte da Alcaldía e simplemente a aplicación do I.P.C. o mesmo que fixemos o ano pasado, segue habendo un problema de fondo que a xuízo do noso grupo motiva, que non poidamos digamos vestir un santo para desvestir outro, e neste caso deixar sen dar o debate máis importante. Por outra parte e aínda que se trata da aplicación do I.P.C. sobre un conxunto de ordenanzas que afectan á maioría do conxunto da cidadanía, e neste caso das Ordenanzas que rixen os servicios que practicamente utilizamos todos os cidadáns, digo esto porque a ninguen se lle equivoca de que efectivamente estamos diante dunha situación de crise, nunha situación que non o dí o BNG nin o digo eu, senón que se está recoñecendo, polos membros do goberno, que seguramente se vai a agudizar de cara ó ano que ven, e sen demagogia pero a nos nos parece que chegar a este Pleno e aplicar alegremente a subida do IPC non é moi responsable, cando ademáis mantemos como dixeran antes unha estrutura fiscal, que en moitos casos habería que cuestionar, e quero referirme que non o dixeran antes pero o vou decir agora, de conceptos como por exemplo o mantemento dunha taxa polos servicios do Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro, que de que eu saiba segue sen ser



propiedade do Concello de Ares, entón habería que preguntarse se aplicación dunha taxa sobre unha propiedade que non é do Concello sería legal ou non. Non se fixo ese informe, e o que é peor se seguen a facer actividades consentidas polo Grupo de Goberno que non teñen nada que ver, nin co preente nin co futuro do Mosteiro. E volvendo ó de antes e evidente que aplicación do I.P.C non resolve o problema de fondo, e nos non somos favorables a aprobar a proposta tal e como se trae polo Grupo de Goberno, que obvia un debate máis profundo sobre a situación fiscal no noso Concello e despois que incide nas economías familiares, e se tiveran que facer unha aplicación do IPC teríamos que deixar fora aqueles servicios que son básicos que afectan a toda a cidadanía, que xa están neste momento resentidos por mor da crise económica que nos afecta, enton nese sentido o BNG non lle vai a dar o seu voto favorable á proposta que se trae por parte do Grupo de Goberno, e solicitamos que se reconduzca este debate e non teñamos no mes de outubro ou novembro do ano que ven, que dar o mesmo debate por arrastrar unha situación similar.

Toma a palabra o portavoz de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que sen o animo de polemizar, quere aclarar o seu posicionamento, en función á coherencia que se ven mostrando desde algúns anos, non quero reiterar nin reproducir algúns debates que se produciron aquí por este tema, si é verdade que como dixo o portavoz que me precedeu ó mellor o debate das ordenanzas fiscais, habería que dalo, pero aquí o que ven a Pleno é a aplicación do IPC as taxas, esa taxa de San Catalina eso é outro debate, pero se nos non aplicamos o IPC que este ano é o 4,9% efectivamente lle aforraríamos o IPC os usuarios, pero lle vamos a xenerar o Concello moitos máis déficit do que se prevee que vai ter, isto é o que é , e ademáis cos compromisos que temos adquiridos a través dos convenios que están suscritos polo Concello, entendo que a aplicación do IPC non debía dar lugar a disputas como o fixo noutras ocasións, incluso metendolle un endebedamento ó Concello naquel momento de 6 millóns, a miña postura vai a ser favorable as taxas, independentemente que teñamos que facer outro debate sobre outro tipo de taxa como puxo de exemplo o portavoz do BNG.

Interven o voceiro do Grupo Municipal do P.P., significando que as posicións están claras e como xa dixo na toma de posesión da nova Corporación, que na oposición había que facer oposición pero se tiña que diferenciar a responsabilidade da irresponsabilidade e este foi un dos casos que diante da irresponsabilidade da oposición cando eu era alcalde se lle meteron ó Concello 6 millóns de pesetas, por non aplicar o IPC e aproveitándose dunha tráfuga, isto non debe levar a ningún debate político, creo que isto xa debería ser automático, e como se dixo anteriormente nos estamos comprometidos con convenios, empresas suministradoras, e con empresas que teñen contratos, como pode ser a electricidade e o lixo, e despois outras empresas, nos sempre fixemos un servicios e somos responsables, a nosa maneira de pensar é que isto é automático, que non se debe de abrir ningún debate, que haberá outros para debater e non meter ó Concello en debidas que non sexan necesarias.



Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, di que non lle gusta aplicarlle ó IPC a cousas coas que non coincide, e as taxas son por servicios, e os servicios aquí hai que prestalos.

Acto seguinte procede-se á votación e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSOE, 4 P.P e 1 NAL) e 2 abstencións (2 BNG) acorda:

1º.- Prestarlle a súa aprobación a aplicación do IPC as ordenanzas fiscais as cales quedarán redactadas como figuran no anexo ó presente acordo.

2º.- De conformidade co previsto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse a información pública polo prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinalo expediente e presentalas alegacións que estimen oportunas.

O presente acordo, nos termos do artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no suposto de non presentarse reclamacións, elevaráse a definitivo.

ANEXO:

IMPUESTO SOBRE CONSTRUCCIONES, INSTALACIONES E OBRAS

Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras.

ANEXO

1.-Obra menor:

- 1.1. Demolición de muros: 17,82 euros/m².
- 1.2. Demolición de tabiques: 4,74 euros/m².
- 1.3. Levantado de solainas: 5,18 euros/m².
- 1.4. Picado de azulexados e revestimentos: 6,22 euros/m².
- 1.5. Demolición de forxados: 11,58 euros/m².
- 1.6. Demolición completa 11,46 euros/m².

2.-Movemento de terras:

- 2.1. Escavación de gabias: 9,28 euros/m³.
- 2.2. Escavación de vaciado: 2,55 euros/m³
- 2.3. Recheo de gabias: 13,29 euros/m³.
- 2.4. Recheo de ceo aberto: 7,68 euros/m³.
- 2.5. Carga e transporte de terras a vertedeiro: 5,21 euros/m³.
- 2.6. Tubos de canalización: 4,35 euros/m.
- 2.7. Canalización acometidas (telefonía e electricidade): 104,04 €/ml.



3.-Peches:

- 3.1. Peche de estacas e arame: 4,35 euros/m.
- 3.2. Peche de tea: 23,13 euros/m.
- 3.3. Peche de zócalo fábrica e tea: 36,29 euros/m.
- 3.4. Peche de fábrica h. 1 m: 28,12 euros/m.
- 3.5. Peche de zócalo fábrica e celosía: 53,83 euros/m.
- 3.6. Peche de cachotería e celosía: 86,91 euros/m.
- 3.7. Peche de cachotería e reixa: 41,39 euros/m.
- 3.8. Colocación de columna para contador da luz: 231,70 euros/ud.
- 3.9. Muro de contención en formigón armado de ata 1,50 m de altura e 0,30 m de espesor: 213,85 €/ m².
- 3.10. Basamento cego de pedra, mampostería: Cachote: 105,04 €/ml.
- 3.11 Basamento cego de pedra, mampostería: Taco de Santiago: 153,91 €/ml.
- 3.12 Basamento cego de pedra, mampostería: Perpiaño: 108,92 €/ml.

4.-Cuberta:

- 4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento: 2,49 euros/m².
- 4.2. Demolición de cuberta de tella: 4,35 euros/m².
- 4.3. Cuberta de fibrocemento: 15,75 euros/m².
- 4.4. Cuberta de tella: 37,22 euros/m².
- 4.5. Cuberta de lousa: 53,83 euros/m².
- 4.6. Substitución de tella por fibrocemento: 20,71 euros/m².
- 4.7. Substitución de tella por tella: 33,13 euros/m².
- 4.8. Substitución de tella por fibrocemento e tella: 45,55 euros/m².
- 4.9 Substitución de viguetas formigón: 17,34 € m²

5.-Albanelería:

- 5.1. Formigón en masa: 9,68 euros/m³.
- 5.2. Estructura completa de formigón armado: 71,93 euros/m².
- 5.3. Estructura completa de aceiro: 75,31 euros/m².
- 5.4. Estructura naves de formigón armado: 43,05 euros/m².
- 5.5. Estructura naves metálicas: 51,33 euros/m²
- 5.6. Soleira: 18,19 euros/m².
- 5.7. Forxado: 57,94 euros/m².
- 5.8. Muro de contención de formigón armado: 62,11 euros/m².
- 5.9. Muro de cachotería: 124,14 euros/m².
- 5.10. Muro de bloque: 28,95 euros/m².



- 5.11. Muro de ladrillo (taboquería): 14,93 euros/m².
- 5.12. Cerramento de dobre folla de ladrillo: 42,99 euros/m².
- 5.13. Celosía, balaustrada: 31,40 euros/m².
- 5.14. Azulexado: 20,21 euros/m².
- 5.15. Solaina: 29,80 euros/m².
- 5.16. Enfoscado: 10,76 euros/m².
- 5.17. Recebado e pintado de paramento exterior: 17,99 €/ m².
- 5.18 Recebado con morteiro monocapa: 20,11 €/ m².
- 5.19. Chapado de fachadas con material pétreo: 94,69 €/ m².
- 5.20. Rexuntado con morteiro en fábricas de mampostería: 24,13 €/ m².
- 5.21. Limpeza de fachadas con area ou auga a presión: 16,80 €/ m².
- 5.22. Colocación de verteaugas de pedra: 149,42 €/ml.
- 5.23. Colocación de xambas ou dinteis de pedra: 71,65 €/ m².
- 5.24. Arqueta de rexistro: 141,34 €/unidade

6.-Pinturas:

- 6.1. Pintura interior: 4,92 euros/m².
- 6.2. Pintura exterior: 7,88 euros/m².

7.-Galpóns:

- 7.1. Galpón de bloque ou ladrillo: 169,64 euros/m².
- 7.2. Galpón de madeira: 86,91 euros/m².

8.-Carpintería:

- 8.1. Porta de entrada: 289,70 euros/m².
- 8.2. Porta interior: 128,19 euros/ud.
- 8.3. Fiestra: 175,73 euros/m².
- 8.4. Fiestra en plano de tellado: 182,16 euros/m².
- 8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería: 165,55 euros/m².
- 8.6. Reixa de seguridade e portas e fiestras: 53,83 euros/m².
- 8.7. Fronte de portal: 140,75 euros m².
- 8.8. Baixantes e canalón para recollida de augas: 30,88 €/ml.
- 8.9. Apertura de ocos de fachadas para aloxamento de carpintería: 82,63 €/m².
- 8.10. Varanda de madeira: 109,78 €/ ml.
- 8.11. Varanda de escaleira/balcón metálico: 185,01 €/ ml
- 8.12. Pavemento de madeira: 56,56 €/ m².
- 8.13. Tabique totalmente acabado a dúas caras para interior: 44,28 €/ml
- 8.14. Falso teiro de escaiola: 12,70 €/ m².



8.15. Persianas de PVC: 70,94 €/ m².

8.16. Toldo de tea con brazos abatibles: 608,09 €/ m².

9.-Instalación de fontanería e saneamento:

9.1. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.): 182,16 euros/ud.

9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 240,11 euros/ud.

9.3. Instalación de cociña: 206,90 euros/ud.

9.4. Lavado incluso billame: 206,90 euros/ud.

9.5. Inodoro: 223,49 euros/ud.

9.6. Bidé incluso billame: 169,16 euros/ud.

9.7. Bañera incluso billame: 198,63 euros/ud.

9.8. Reforma de Baño Completa: 402,02 €/ m².

9.9. Reformad Cociña Completa: 210,87 €/ m².

10.-Instalación de electricidade:

10.1. Instalación de electricidade: 1.489,95 euros/ud.

11.-Instalación de calefacción:

11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m²: 4.552,62/ud. 16,60 euros/m².

12.-Pozos:

12.1. Pozo de barrena: 1.572,70 euros/ud.

12.2. Pozo artesano: 2.069,33 euros/ud.

13.-Depuración:

13.1. Fosa séptica e pozo filtrante: 1.489,95 euros/ud.

14.-Piscinas:

14.1. Piscina completa. Mínimo: 12.416,16 euros/ud.

15.-Pistas:

15.1. Pista deportiva: 82,67 euros/m².

15.2. Beirarrúa: 21,53 euros/m².

16.-Guindastre:

16.1. Guindastre Automontante: 359,03 €/ud.

16.2. Guindastre tipo torre: 718,06 €/ud

17.-Colocación de andamios:

17.1. Colocación de andamios: 35,91 euros/ud.

18.- Varios, Urbanización Xardinería:

18.1. Reforma de vivenda completa: 640,65 €/ m².

18.2. Roza e limpeza de terreos;

Medios manuais: 6,25 €/ m².



Medios mecánicos: 0,48 €/ m².

18.3. Corta de descoutado de árbores (porte medio) 51,60 €/ud.

18.4. Formación de beirarrúas con baldosa hidráulica e bordo: 31,03 €/ m².

18.5. Impermeabilización:

- Lámina PVC: 14,75 €/ m².

- Lámina bituminosa: 9,06 €/ m².

- Emulsión bituminosa: 5,27 €/ m².

NOTA: no suposto de construcións, instalacións ou obras non encadradas nas partidas anteriores aplicaráselles o prezo medio que máis se aproxime aos supostos tipificados.

2.-Obra maior.

Relación de prezos medios de execución material (m² construído).

Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 466,83 euros/m².

Otros usos en edificio de vivendas plurifamiliares:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 185,61 euros/m².

Usos de vivenda unifamiliar: 556,61 euros/m².

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 180,22 euros/m².

Edificios con uso exclusivo industrial.

Sen proceso productivo: 231,95 euros/m².

Edificio con uso exclusivo terciario: 417,28 euros/m².

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 405,30 euros/m².

TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 5º .-Cuota tributaria.

1. La cuota tributaria consistirá en una cantidad fija, por unidad de local, que se determinará en función de la actividad a desarrollar por el mismo.

2. A tal efecto, se aplicará la siguiente Tarifa:

Por visita de Inspección por partes dos Técnicos Municipais:

- Primeira visita de inspección: 100,00 €
- Segunda e posteriores: 50,00 € / visita

Epígrafe 1º : Aloxamentos

A) Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos de cinco y cuatro estrelas: 3.590,25 euros

B) Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos y hostales de tres y dos estrelas: 2.991,87 euros



C) Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos y hostales de una estrellas: 2.154,15 euros

D) Pensiones y casas de huéspedes, centros hospitalarios, colegios y demás centros de naturaleza análoga: 1.795,12 euros

Se entiende por alojamiento, aquellos locales de convivencia colectiva no familiar, entre los que se incluyen hoteles, pensiones, residencias, centros hospitalarios, colegios y demás centros de naturaleza análoga, siempre que excedan de diez plazas.

Epígrafe 2º : Establecimiento de alimentación

A) Supermercados, economatos y cooperativas: 1.795,12 euros

B) Almacenes al por mayor de frutas, verduras y hortalizas: 1.675,45 euros

C) Pescaderías, carnicerías y similares: 538,55 euros

Epígrafe 3º : Establecimientos de restauración.

A) Restaurantes: 1.077,07 euros

B) Cafeterías: 837,71 euros

C) Whisquerías y pubs: 1.077,07 euros

D) Bares: 718,05 euros

E) Tabernas: 598,38 euros

Epígrafe 4º: Establecimientos de espectáculos

A) Cines y teatros: 2.154,15 euros

B) Salas de fiestas y discotecas: 4.308,32 euros

C) Salas de bingo: 2.991,87 euros

Epígrafe 5º: Otros locales industriales y mercantiles

A) Centros Oficiales: 538,55 euros

B) Oficinas Bancarias: 3.590,25 euros

C) Grandes Almacenes: 5.744,41 euros

D) Comercio artículos regalo y similares: 538,55 euros

E) Demás locales no expresamente tarifados: 598,38 euros

Epígrafes 6º: Despachos profesionales

A) Por cada despacho: 1.196,75 euros

En el supuesto de que la oficina o establecimiento se halle ubicado en la misma vivienda, sin separación, se aplicará únicamente la tarifa precedente.

Epígrafe 7º: Garajes

A) Individuales: 35,96 euros/vehículo

B) Colectivo: 119,67 euros/vehículo



Epígrafe 8º: Transmisiones: 77,54 euros

Artículo 6º.-Exenciones y bonificaciones.

No se concederá exención ni bonificación alguna en la exacción de la Tasa.

ORDENANZA REGULADORA DA LICENCIA DE VAOS

Artigo 16º .

1.-As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 37,04 euros, as graves con multa de ata 111,11 euros e as moi graves con multa de ata 185,18 euros.

ORDENANZA FISCAL, REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Artigo 5.-Retribución.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada nas tarifas dos apartados seguintes:

- Tarifa primeira:

Por cada entrada ó ano: euros.

- Almacéns polo xunto e fábrica: 155,55.

- Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías: 251,86.

- Establecementos de exposición e venda de vehículos automóbiles: 64,43.

- Garaxes industriais ano: euros.

- Por cada vehículo que, de conformidade coa licencia obtida se poida aparcar: 9,27 euros, cun mínimo de: 48,15.

- Garaxes particulares, ano:

- Por máis de 4 vehículos a motor: 59,25

- Por 4 ou 3 vehículos a motor: 22,23

- Por dous ou menos: 11,11

- Talleres:

Mecánicos e de servizo de reparación, pintura, lavados ou similares: 77,04.

Para aplicación da tarifa precedente, teranse en conta as seguintes normas:

1.-As entradas para garaxes particulares limitaranse nos casos de rúas con edificación en línea mixto e bloque de casas pechada a aquelas edificacións que se sitúen dentro de ordenación en canto a volume, segundo as determinacións do planeamento vixente.



Non obstante, poderanse autorizar entradas coas limitacións de reserva de horario que prevé a tarifa segunda desta ordenanza, sendo a contía do prezo público mínimo neste caso de 11,11 euros

2.- Terá a consideración de modificación de rasante da beirarrúa todo o que supoña alteración da liña de rasante, ben sexa na totalidade do plano superior ou da aresta exterior da beirarrúa, comprende para tal efecto, depresións, desniveis, rebaixes de altura, substitucións de liñas horizontais por oblicuas e, en definitiva, toda modificación de aspecto exterior de beirarrúa.

3.-O prezo público aplicarase tanto á modificación de rasante das beirarrúas construídas por particulares, toda vez que o pagamento deste aproveitamento vén motivado pola molestía que ó transeúnte ocasiona dita modificación da rasante e polo beneficio que obtén o usuario. Polo tanto tamén procederá á aplicación do prezo público, aínda que a rúa non dispoña de beirarrúa, se a rasante se atopa modificada na parte correspondente a unha porta de acceso o garaxe.

4.-Os obrigados ó pagamento declarararán os elementos tributarios que empreguen, especificando as características dos mesmos, e comunicando calquera variación que deba repercutir na conta da tarifa, así como en caso de construción de depresión autorizada, dar conta á Administración da data na que remata a construción.

5.-A desaparición de depresións será por conta do propietario, quen deberá solicitar previamente a oportuna autorización.

- Tarifa segunda:

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espazo destinada a estacionamento ó ano:

A) Reservas permanentes para cargar e descargar: 29,62 euros

B) Reservas de duración limitada:

Das 08 ás 10 horas: 16,28 euros.

Das 10 ás 14 horas: 29,62 euros.

Das 14 ás 16 horas: 16,28 euros.

Das 16 ás 20 horas: 29,62 euros.

Das 20 ás 08 horas: 16,28 euros.

C) Vaos permanentes por metro lineal ou fracción: 11,06 euros.

- Tarifa terceira:

A) Reserva parada de taxi; por cada un: 18,51 euros

B) Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano, por cada un: 59,25 euros

- Tarifa cuarta:



Reserva de espacio con carácter temporal: por metro cadrado e fracción:

A) Servicio de mudanzas, fracción de 4 horas: 3,71 euros/fracción/m²; quedando establecido unha cantidade mínima de 30,00 €.

B) Vehículos de exposición, día: 7,42 euros

C) Outros usos, día: 7,42 euros

- Tarifa quinta:

Por unidade:

Por cada peche de rúa, día: 111,11 euros

Por cada peche de senda e outros camiños públicos do término municipal: 55,56 euros

As reservas estarán sinalizadas coas placas de "vao permanente", que subministrará o Concello ó prezo de custo das mesmas.

As cuotas terán un carácter reducible, prorroteándose por trimestres naturais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Artigo 7º .-Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estruturarase nos seguintes epígrafes:

1.-Certificacións de empadramento no censo de poboación:

- Vixente: 1,59 euros

- De censos anteriores: 3,20 euros

2.-Certificados de convivencia e residencia: 2,37 euros

Epígrafe segundo: Certificados e compulsas.

1.-Certificación de documentos ou acordos municipais: 3,95 euros

2.-Certificacións relacionadas co servizo de reclutamento: 0,74 euros

3.-As demais certificacións: 2,36 euros

4.-A dilixencia de cotexo de documentos: 0,37 euros

5.-Polo bastamento de Poderes vaian surtir efectos nas Oficinas Municipais: 11,98 euros

Epígrafe terceiro.-Documentos expedidos ou estendidos polas Oficinas Municipais.

1.-Por expedición de certificados e informes en expedientes de traspaso de apertura ou similares de locais por cada un: 8,01 euros

2.-Por cada documento que se expida en fotocopia por folio: 0,27 euros

3.-Por cada documento xercopia autorizado por certificación: 0,74 euros



4.-Por cada contrato administrativo, que se suscriba de obras, bens ou servicios:
15,94 euros

Epígrafe cuarto.-Documentos relativos a servicios de urbanismo.

- 1.-Por cada expediente relativo a licencia de obras maiores: 35,91 euros
- 2.-Por cada expediente relativo a licencia de obras menores: 3,58 euros
- 3.-Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 18,47 euros
- 4.-Por cada certificación que se expida de servicios urbanísticos solicitada a instancia de parte: 23,93 euros
- 5.-Por cada informe que se expida sobre características do terreo, ou consulta ó efecto de edificación e instalación de parte: 23,93 euros
- 6.-Obtención de cédula urbanística: 28,72 euros. **PREVIO DEPÓSITO.**
- 7.-Acta de replanteo Obra Maior ou comprobación de obra : 71,81 euros
- 8.-Acta de aliñación Obra Menor: 35,91 euros.
- 9.-Transmisiós de licencias: a) maior: 69,51 euros., menor: 11,58 euros.
- 10.- Tramitación de polígonos-solos urbanos non consolidados-áreas de reparto: 1.737,77 euros.
- 11.- Tramitación de Instrumentos de desenrolo do P.X.O.M. de iniciativa particular: 1.737,77 euros.
- 12.- Por cada expediente relativo a parcelacións de fincas: 35,91 € por parcela resultante.

Epígrafe quinto.-Contratación obras e servicios.

- 1.-Constitución, substitución e devolución de fianzas para licitadores e obras municipais, por cada acto: 7,18 euros
- 2.-Certificacións de obras, cada unha: 7,18 euros
- 3.-Actas de recepción de obras: 7,18 euros

Epígrafe sexto.-Outros expedientes ou documentos.

- 1.-Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado: 7,18 euros

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS.

Artigo 5º .-Cota Tributaria.

- 1.-A Cota tributaria corresponde á concesión de licencia de autorización, esixírase por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de 101,33 euros por terreo, vivenda ou local.
- 2.-A cota Tributaria a esixir pola presentación dos servicios da rede de sumidoiros determinarase da seguinte maneira:



- a) Abonados con subministro de auga potable: 0,23 euros m³ factura + cun mínimo de 30 m³ trimestre.
- b) Abonados con subministro de auga potable: 0,23 euros m³ factura + 7% IVE con mais de 30 m³ trimestre.
- c) Abonados sen subministro de auga potable: 30 m³ x 0,23 euros m³ de couta fixa trimestral.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO.

Artigo 6º .-Cota tributaria.

1.-A conta Tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.-A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

Epígrafe 1º .-Vivendas.

Por cada vivenda 89,75 euros

Epígrafe 2º .-Establecementos de Alimentación.

Supermercados, almacéns por xunto de froitas, verduras, hortalizas, pescaderías, carnicerías e demais establecementos de alimentación 196,27 euros

Epígrafe 3º .-Establecementos de restauración: 178,31 euros

Epígrafe 4º .-Resto dos locais, comerciais, industrias e servicios non comprendidos nos epígrafes anteriores: 160,36 euros

3.-As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a doce meses.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO.

5.-Por transmisión de licencias: 77,55 euros

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDO OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 5º .-Cota Tributaria.

Artigo 5º .-Cota tributaria.

Cota de servizo: 9,28 euros/trimestre (para todo abonado), + IVE 7%.

Consumo de 11 ata 20 m³. trimestrais: 0,08 euros/m³ + IVE 7%.

Consumo de 21 ata 30 m³. trimestrais: 0,09 euros/m³ + IVE 7%.

Consumo de 31 ata 40 m³. trimestrais: 0,43 euros/m³ + IVE 7%.

Consumo de 41 ata 50 m³. trimestrais: 0,46 euros/m³ + IVE 7%.

Consumo de mais de 50 m³. trimestrais: 0,48 euros/m³ + IVE 7%.



Dereitos de acometida: conexión inicial por vivenda, terreo ou local: 101,34 euros

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E SILLAS, CADEIRAS COA FINALIDADE LUCRATIVA.

Artigo 3º .-Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo a superficie ocupada polos aproveitamentos expresada en metros cadrados.

2. As tarifas do precio público serán as seguintes:

a) Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

Período	Categorías fiscais das vías públicas	
	1ª	2ª
Mensual	7,18 euros	3,58 euros

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS CON MERCADORÍAS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VAIAS, PUNTAIS, ANELES, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 6º .-Tarifa

1.-A contía de taxa, reguladora nesta Ordenanza, será a fixada nas tarifas que a continuación se detallan.

2.-Tarifa primeira. Ocupación de vía pública con mercadorías.

1.-Ocupación ou reserva especial da vía pública ou terreos de uso público que fagan as industrias con materiais ou produtos da industria ou comercio que se adiquen a súa actividade, comprendidos os vagóns ou vagonetas metálicas denominados "containers" por metro cadrado e fraccións de 10 días.

Epígrafe: Euros

En Rúas de 1ª Categoría: 2,39 euros/fracción/m²; quedando fixada unha cantidade mínima de 20,00 euros.

En Rúas de 2ª Categoría: 1,19 euros/fracción/m² ; quedando fixada unha cantidade mínima de 10,00 euros.

Tarifa segunda.-Ocupación con materiais de construción.

Ocupación de vía pública ou terreos de uso público, con escombros, materiais de construción vagóns ou vagonetas metálicas denominadas "containers" para recollida ou depósito dos mesmos, e outros aproveitamentos análogos. Por metro cadrado e fracción de 10 días.

En Rúas de 1ª Categoría: 2,39 euros/fracción/m²; quedando fixada unha cantidade mínima de 20,00 euros



En Rúas de 2ª Categoría: 1,19 euros/fracción/m² ; quedando fixada unha cantidade mínima de 10,00 euros

Tarifa terceira.-Valas, puntais, asnillas, andamios, casetas de obras, etc.

1.-Ocupación de vía pública ou terreos de uso público con vallas, caixóns de cerramento sexan ou non para obras, e outras instalacións análogas. Por metro cadrado e fracción de 10 días.

En Rúas de 1ª Categoría: 2,39 euros/fracción/m²; quedando fixada unha cantidade mínima de 20,00 euros.

En Rúas de 2ª Categoría: 1,19 euros/fracción/m²; quedando fixado unha cantidade mínima de 10,00 euros

Tarifa cuarta.-Cortes de rúas (tráfico), camiños, pasos, etc.

Por cada día de corte de tráfico: 143,62 euros

Por cada fracción de 4 horas: 71,80 euros

REGULADOR DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Tarifa primeira.

Entrada de vehículos en edificios a través das beirrarrúas e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías.

1. Ata 3 metros lineais de entrada de vehículos e reserva de vía pública: 29,92 euros/ano.

Por cada metro lineal ou fracción que exceda dos 3 metros: 23,93 euros/ano.

REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 4.-Contía.

1.-A contía de prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na Tarifa contida no aparato seguinte, atendendo á categoría da rúa onde radique o quiosco e en función do tempo de duración do aproveitamento e da superficie da que a súa ocupación queda autorizada en virtude de licencia, ou realmente ocupada, se fora maior.

2.-A tarifa do prezo público será a seguinte:

	Categorías das rúas	
	1ª	2ª
Por cada metro cadrado de vía pública ocupada con quioscos ó trimestre pesetas	23,93 euros	17,94 euros

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL.

a) Actividades Deportivas:



Adestramentos (pista completa): 16,15 euros/hora.

Pista compartida (1/2): 7,54 euros/hora.

b) Competicións:

Competicións sen venda de billetes: 32,32 euros/hora.

O tempo máximo de utilización para competicións será de dúas horas.

Espectáculos deportivos:

71,10 euros/hora sen taquilla.

150,83 euros/hora con taquilla.

No suposto de que sexa necesaria a utilización por tempo superior a dúas horas, aplicarase a tarifa de xeito proporcional.

b) Espectáculos non deportivos:

Actos beneficios, actos culturais e actividades alleas ó deporte, sen taquilla: 71,10 euros/1,5 horas de uso.

Actividades profesionais, con fins lucrativos: 2.585,58 euros/ día.

c) Uso do Ximnasio:

Uso sa Sala de Ximnasio por equipos/grupos con monitor propio en horas disponibéis: 32,32 euros/hora.

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ARES.

Artigo 3º .-Contía.

1.-A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte.

2.-As tarifas do precio público serán os seguintes:

Posto con cámara frigorífica: 24,57 euros/mes.

Posto sen cámara frigorífica: 20,47 euros/mes.

Mesas de peixe: 8,21 euros/mes.

Postos provisionais: 0,82 euros/día.

Postos de venda ambulante exterior ó mercado: 1,60 euros m²/día.

Artigo 4º

1º .-A concesión de postos no mercado, calquera que sexa a súa clase, serán de conta da exclusiva competencia da Comisión de Goberno e terán que ser outorgados nas seguintes condicións:

a) Non poderá outorgarse a concesión de ningún posto fixo, de calquera clase que sexa, se non é mediante poxa que será anunciada coa debida profusión e



imprescindiblemente no recinto do mercado e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

b) As poxas celebraranse cando existan postos vacantes mediante acordo adoptado ó efecto pola Comisión de Goberno, redactándose as bases que rexerán a poxa.

c) As bases ás que se refire a letra anterior terán que se publicar no Boletín Oficial da Provincia e estarán expostas no mercado, facéndose constar por dilixencia no expediente este extremo.

d) A adxudicación verificarase entre os pretendentes ás concesións, ó que ofrezca pola mesma, en concepto de premio, maior cantidade en metálico, independentemente do canon que establezan as tarifas, e a tal efecto os postos serán licitados durante un espazo prudencia de tempo, que en todo caso determinará a Presidencia polo sistema de poxas á chamada ou sobre pechado.

e) A cantidade inicial para dar comezo á licitación das mesmas para a venda de peixe, será a seguinte:

Mesas de peixe interior: 77,53 euros

REGULADORA DO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS 1ª UTILIZACIÓN OU OCUPACIÓN DE EDIFICIOS

Artigo 8º .-Taxa municipal.

Por cada visita de inspección por parte dos técnicos Municipais:

Vivendas Plurifamiliares:

- Primeira visita de inspección de vivenda plurifamiliar: 100,00 euros.
- Segunda visita e posteriores : 50,00 euros

Vivendas Unifamiliares:

- Primeira visita de inspección de vivenda unifamiliar: 50,00 euros.
- Segunda visita e posteriores: 30,00 euros /visita.

6.-O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

- Por cada vivenda: 119,67 euros

REGULADORA DO DEPOSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA E TALLA

Artigo 4.

1.-Independentemente da taxa que se fixe nas ordenanzas fiscais correspondentes, os beneficiarios da licenza deberán presentar xustificantes de ter presentada fianza, por calquera da dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican no apartado seguinte, para responder do amaño dos deterioros que puideran producir nos viais e a limpeza dos restos das operacións de carga de depósito de madeira.



2.-Establécense dúas categorías a efectos de fixación das fianzas:

- Vehículo con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm: 987,14 euros
- Vehículo con peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm: 1.551,41 euros

Artigo 7.

1.-No caso de incumprimento dos preceptos contidos na presente ordenanza, o Concello poderá sancionar ós responsables con multa comprendida entre 77,53 euros e 775,69 euros en función da gravidade dos feitos.

Disposición adicional.

Establécese, a efectos de trámite de licencia e rexistro de vehículos, as taxas seguintes:

- Por tramitación de nova licencia ou renovación: 38,76 euros
- Por tramitación de novos rexistros de vehículos: 15,48 euros
- Por cada rexistro de vehículos en nova licencia ou novos rexistros de vehículos:
- Peso máximo autorizado menor de 16 Tm: 7,77 euros por unidade.
- Peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm: 15,48 euros

A revisión das taxas realizarase mediante ordenanza fiscal específica.

REGULADORA DA TAXA POLA PRESENTACIÓN DE SERVICIO DO MOSTEIRO DE SANTA CATALINA DE MONTEFARO E AS SÚAS INSTALACIÓNS

Artigo 6.-Tarifas.

A) Entrada e visita das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

1.1. Entrada Xeral: 0,77 euros persoa.

1.2. Entrada Reducida: 0,38 euros persoa.

1.3. A Tarifa reducida a que se refire o apartado anterior será de aplicación nos seguintes casos:

A) Menores de catorce anos, titulares do carné novo e maiores de 65 anos.

B) Grupos escolares de centros que no pertencen ó municipio de Ares, en visita previamente concertada.

C) Público en xeral os días que, en cada caso concreto, autorice a comisión de goberno.

1.1. Cota cero na entrada e visita:

A) Grupos escolares de centros pertencentes ó municipio de Ares, en visita previa concertada.

B) Visitas patrocinadas polo Concello, previa resolución da Alcaldía ou da Concellería de Cultura que así o declare.

B) Utilización das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.



1.1. Utilización das instalacións para sesións fotográficas de vodas, bautizos, primeiras comunións, celebracións e actos asimilables: 77,53 euros

1.2. Utilización singular ou excepcional das instalacións. A tarifa será fixada pola Comisión municipal de goberno para cada caso concreto atendendo ó custo do servizo solicitado, sen que en ningún caso sexa inferior a 38,76 euros, ou superior a 193,90 euros

1.3. Cando a utilización singular ou excepcional das instalacións do mosteiro impida o normal uso das mesmas polo público en xeral, a tarifa será de 271,50 euros/día sen que en ningún caso dito uso exclusivo poida exceder illada ou conxuntamente 15 días por semestre.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAI, DEPORTIVOS E DE LECER.

Cota tributaria.

Artigo 5º .

1. SERVIZOS SOCIOCULTURAI, DEPORTIVOS E RECREATIVOS

Tanto nas Escolas Deportivas como nas Culturais establecerase unha única matrícula a aboar polo usuario/a do servizo das Escolas Deportivas e Culturais, no momento da súa inscrición, co que o pagamento da taxa establecida será por persoa con independencia do número e tipo de Escola a que acoda. Dita matrícula será de 8 € para os empadroados/as, e de 16 € para os non empadroados/as". Asimesmo as taxas por escola e mes son as que seguen.

1.1. Escolas deportivas no Pavillón Deportivo Municipal:

1.1.1 Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Escola deportiva no Pavillón (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	6 euros
	Adultos	9,50 euros
Escola deportiva no Pavillón (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,50 euros
	Adultos	14 euros
Escola deportiva no Pavillón (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,50 euros
	Adultos	16 euros

1.2. Escolas deportivas fóra do Pavillón:

1.2.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,50 euros
	Adultos	12,50 euros

1.3. Escolas culturais:

1.3.1. Taxas.

Concepto	Categorías	Total
Escola Cultural (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	6 euros



	Adultos	9,50 euros
Escola Cultural (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,50 euros
	Adultos	14 euros
Escola Cultural (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,50 euros
	Adultos	16 euros
Escola Cultural (4 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	12,50 euros
	Adultos	18 euros

1.4. Obradoiros, cursos e programas especiais deportivos e culturais:

CONCEPTO	TOTAL MENORES	TOTAL ADULTOS
Campamentos Deportivos Urbáns de verán.	40 €/mes empadroados/as. 70 € /mes € non empadroados/as.	-----
Pequexogos de verán	20 €/mes empadroados/as. 40 €/mes non empadroados/as.	-----
Divertixogos	35 €/mes empadroados/as 55 €/mes non empadroados/as	-----
Obradoiros, cursillos	Menores, con materiais: 1€/hora Menores sin materiais: 1,50 €/hora.	Adultos, con materiais: 2€/hora Adultos sin materiais: 2,50 €/hora.

3. Inscripcións

Artigo 6º

No momento de efectuar a inscrición en calquera Escola Municipal ou actividade, deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa ou o pago por portelo mensualmente. Igualmente poderase autorizar o pago das taxas nalgún local destinado ó efecto previa autorización da Concellaría de Cultura e Deportes do Concello.

O abono familiar é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas deportivas municipais. Para elo establécense os seguintes reducións:

Número de inscricións	Desconto nas matriculas	Desconto na escola.
3 ou máis (unidade familiar)	50% en todas	50% na escola de menor importe.
Familia numerosa.	50% en todas	50% nas escolas.
Familias carentes de recursos económicos (previa comprobación por parte de Asuntos Sociais) ou casos particulares previo estudio.	100% en todas	100% en todas

Concertos fiscais

Artigo 7º .

Poderanse levar a cabo actividades convenientes con Sociedades, Clubs ou Asociacións. As condicións de financiamento das Escolas incluídas nos Convenios



que se establezan coas Sociedades, Clubs ou Asociacións, determinarase ao comezo de cada curso escolar.

Partidas falladas.

Artigo 8º.

Considéranse partidas falladas ou créditos incobráveis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruírse o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Obriga de pagamento.

Artigo 9º .

As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións e sancións

Artigo 10º .

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Dereito supletorio.

Artigo 11º.

Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.

Disposición final.

A presente Ordenanza, que consta de 11 artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación.

Punto núm. 4.- APROBACIÓN PARA SUBSANAR DEFICIENCIAS: PLAN DE COOPERACIÓN CON CONCELLOS 2008-2011.

Dada conta do expediente tramitado para subsanar as deficiencias do anterior acordo de partiación no PCC 2008-2011.

O Concello Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Participar no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:



DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL.	ACHEGA PROVINCIAL.
Abastecemento, saneamento e reposición de pavimentación nas rúas: Celso Emilio Ferreiro, La Paz e Doctor Pimentel			
TOTAL	344.189,63 €	34.418,98 €	309.770,65€

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concurrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Facultar o Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

Punto núm. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO ACORDO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA E O CONCELLO DE ARES PARA O DESENVOLVEMENTO DE REDES DE TELECOMUNICACIÓNS SEN FIOS DE ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA NA PARROQUIA DE CERVAS.-

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, quen manifesta que á vista do expediente por parte da Consellería se piden unha serie de requisitos que tiñamos que cumprir que non veñen acompañados no expediente, (posta a disposición de terreos, acordos, etc.), non sei se están feitos, se se remitiu, se se vai a remitir, e creo que deberían acompañar o expediente.



O Sr. Alcalde resposta que o que ven a Pleno e a aprobación do convenio, e o a cesión de terreos se fai a través de Comisión de Goberno, e que a posta a disposición de terreos é para poñer postes, hai que poñer un poste ó pé da pista do Centro Cultural Outeiro de Chanteiro, hai que poñer outro o pé da Pista de Cervás, que son municipais e non hai ningún problema, e hai que poñer outro poste nos Galgos que é nunha zona de carreteras, polo que en principio non se plantea ningún problema nese punto.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, portavoz do Grupo Municipal do BNG, manifestando, que xa o explicou o Sr. Alcalde e ven recollido na páxina 4 da proposta de convenio, simplemente dicir que este é un tema polo que todos os grupos levamos pelexando que é a posibilidade de que na zona rural consigamos vencer os problemas que estamos tendo a través das operadoras, que nos poñen uns servizos malos e moi custosos, pensamos que é de agradecer e queremos mostrar a nosa satisfacción por esta iniciativa da Consellería de Industria, que é tamén como todos sabemos un compromiso que adquiriu o Sr. Conselleiro na súa visita do pasado mes de abril, e parte do achegamento que se fai as novas tecnoloxías, está o tema do rural, que sempre falamos que o rural se está a quedar sin xente posto que non hai os mesmos servizos, e finalmente esta aposto porque no núcleo de Cervás e núcleo de Chanteiro se poidan ver beneficiados por unha iniciativa deste tipo, solventa problemas de particulares e mesmo xente que quixese traballar coas novas tecnoloxías poidese ter. Agardamos que se poida executar a obra o máis brevemente posible, e por suposto vamos a votar que sí.

Interven o voceito do P.P., Sr. Manuel Cendán que din que van a votar favorablemente, e o fio do que estamos a falar temos unha zona que é no casco urbano preto de FROIZ que temos un barrido do TDT, aproveitando o tema o Concelleiro responsable deso que fale cos técnicos da antena de Chanteiro.

Vista a proposta de acordo de cooperación presentada pola Consellería de Innovación e Industria ao Concello de Ares de data outubro 2008 para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso a Internet de banda larga na parroquia de Cervás, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información, ao amparo do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, co obxecto de resolver o problema de acceso a Internet da parroquia de Cervás en Ares, que figura como Anexo ó presente acordo.

Visto que pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información contratouse un estudo técnico de viabilidade, que indica que para facer viable a instalación do equipamento propiedade da Consellería que fará posible este servizo, é conveniente utilizar espazos de titularidade municipal.

O Pleno do Concello por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Acordo de Cooperación entre a Consellería de Innovación e Industria ao Concello de Ares de data outubro de 2008 para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso a Internet de banda larga na parroquia de



Cervás, no marco do Plano Extratéxico Galego da Sociedade da Información, ao amparo do Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Don Julio Ignacio Iglesias Redondo para sinatura do mesmo.

TERCEIRO.- O Pleno do Concello de Ares, comprométese segundo o establece o artigo 2º do Decreto 246/1992, do 30 de xullo:

- A) A posta a disposición, libre de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar a cabo a mesma.
- B) Á renuncia expresa de reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

ANEXO:

“Acordo de cooperación entre a Consellería de Innovación e Industrias e o Concello de Ares para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso a Internet de banda larga na parroquia de Cervás, no marco do Plano Estratégico Galego da Sociedade de Información, ao amparo do Decreto 249/1992, do 30 de xullo.

Santiago de Compostela, _____ de 2008.

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. Fernando Xavier Blanco Alvarez**, Conselleiro de Innovación e Industria, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 212/2007, do 8 de novembro.

Doutra parte **D. _____ con D.N.I. _____** alcalde-presidente do Concello de Ares, representación conferida pola súa condición de alcalde, de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



Interveñen en funcións dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que, segundo o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información correspóndenlle, entre outras competencias, a elaboración, proposta, coordinación, execución e control de programas destinados a promover e fomentar a implantación da sociedade da información e a achega das tecnoloxías da información e das telecomunicacións a todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Que no ámbito destas competencias, a Consellería colabora coas entidades da Administración Local na implantación de redes de telecomunicación sen fíos de acceso público a Internet, así como con outros organismos e institucións, para o desenvolvemento de actuacións que contribúan a afrontar con éxito os múltiples desafíos que presenta o novo contexto da sociedade da información.

TERCEIRO.- Que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece no artigo 198, que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán subscribir convenios de cooperación entre si para mellorar a eficacia na xestión e prestación de servizos, coordinando deste xeito as respectivas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector.

CUARTO.- Que para o acceso efectivo aos servizos da Sociedade da Información aos habitantes das zonas que na actualidade non contan con servizo de Internet de banda larga, a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información vai a proceder á adquisición e implantación de subministracións precisas para desenvolver redes de telecomunicacións sen fíos de acceso a Internet de banda larga na parroquia de Cervás no Concello de Ares (A Coruña), así como á contratación do servizo de explotación da rede, na que o adxudicatario terá que garantir cos seus propios medios a chegada do sinal dixital ate a infraestrutura, propiedade, en todo caso, do órgano de contratación.

A devandita parroquia atópase situada nunha zona moi próxima á principal infraestrutura de emisións de radio, televisión e demais da comarca de Ferrolterra: a estación da Bailadora e Monte Faro, no propio concello de Ares, Dita proximidade non supón para a parroquia ningún beneficio por quedar, debido á mencionada proximidade na zona, de sombra das emisións radioeléctricas de dita estación. Dita situación é anómala e xera unha desvantaxe dos habitantes de dita área. Con esta contratación pretendese eliminar dita anomalía.

QUINTO.- Que o Concello de Ares deberá asinar un acordo de cooperación coa Consellería de Innovación e Industria coa finalidade de pór a disposición desta os espazos adecuados e os postes soporte de tres luminarias durante todo o período de



vixencia do proxecto para proceder á instalación do equipamento tecnolóxico da rede telecomunicacións sen fíos.

SEXTO.- Que a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Ares, subscriben de mutuo acordo o presente Acordo de Cooperación que se rexerá polas seguintes:

CLAUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente acordo ten por obxecto establecer os termos e condicións que rexerán a colaboración das partes na execución das actuacións, nas que a Consellería de Innovación e Industria vai proceder ao desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso a Internet de banda larga, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

2.1. Requisitos e compromisos do Concello:

1.- O Concello de Ares é titular dos seguintes emprazamentos adecuados para a instalación do equipamento da rede de telecomunicacións sen fíos (estación base, antenas, armario rack, etc.):

- Poste de iluminación e terreo anexo, de como mínimo 2 x 3 m ao pé, na pista polideportiva municipal do Centro Cultural de Chanteiro.
- Poste de iluminación e terreo anexo, como mínimo 2 x 3 m ao pé, na pista polideportiva municipal do Centro Cultural de Cervás.
- Poste de iluminación e terreo anexo, de como mínimo 2 x3 m ao pé, en Os Galgos.

2.- Con anterioridade á firma do presente contrato o Concello de Ares presentou título lexítimo que acredita que os referidos espazos son da súa titularidade (certificación expedida e asinada polo Registrador da Propiedade).

3.- O Concello de Ares a través da sinatura deste acordo pon a disposición os referidos espazos a favor da Consellería durante todo o período de vixencia do proxecto, para proceder á instalación do equipamento tecnolóxico da rede de telecomunicacións sen fíos.

4.- Segundo o establecido no artigo 2º do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, o Concello de Ares asume:

- Compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravámenes, de todos os terreos necesarios antes descritos, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras precisas para o desenvolvemento da rede de



telecomunicacións sen fíos de acceso á Internet de banda larga na parroquia de Cervás, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar a cabo a mesma.

O espazo que se pon a disposición da Consellería de Innovación e Industria consta dos seguintes emprazamentos:

- Poste de iluminación e terreo anexo como mínimo de 2 x 3 m ao pé na pista polideportiva municipal do Centro Cultural de Chanteiro.
- Poste de iluminación e terreo anexo de cómo mínimo 2 x 3 m ao pé na pista polideportiva municipal do Centro Cultural de Cervás.
- Poste de iluminación e terreo anexo de cómo mínimo 2 x 3 m ao pé en Os Galgos.

Ademáis cédese á devandita Consellería o uso dos accesos precisos para cegar desde o poste onde está situado o subministro eléctrico principal até o poste onde se deberá instalar a estación base emisora de Os Galgos.

As obrigas económicas que, de ser o caso, se deriven do acordo de cooperación, para cuxo efecto certificará a inclusión de aqueles nos seus respectivos ornamentos.

2.2. Compromisos da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información:

A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, comprométese á realización do despregue de rede de telecomunicacións sen fíos de acceso a Internet de banda larga na parroquia de Cervás no Concello de Ares a través dun contrato de subministracións seguindo en todo caso a lexislación aplicable en materia de contratación pública.

Todas as instalacións que se realicen como consecuencia da execución deste acordo, serán propiedade da Consellería de Innovación e Industria, quen se encargará da súa conservación e explotación.

TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DAS ACTUACIÓNS.-

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do acordo, constituída por dous representantes de cada unha das partes, que actuará como órgano de vigilancia, seguimento e control do establecido neste acordo, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita Comisión Mixta será a seguinte:



- Pola Consellería de Innovación, e Industria, a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información e o/a delegado/a provincial ou persoas nas que deleguen.
- Polo Concello de Ares, o alcalde, un concelleiro e un técnico, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida pola directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, que terá voto de calidade, e poderá delegar a presidencia no subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, e actuará como secretaria, con voz e sen voto, a xefa de servizo de Desenvolvemento da Sociedade da Información. Esta Comisión reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

CUARTA.- RESOLUCIÓN.

No caso de que algunha das partes estivese interesada na resolución do acordo, deberao comunicar de forma fidedigna á outra parte con sesenta días naturais de antelación estando obrigada, en todo caso, a realizar aquelas actuacións ás que se comprometese con terceiros por motivo da execución do acordo.

QUINTA.- DURACIÓN DO ACORDO

O presente acordo producirá efecto desde a súa subscrición e manterá a súa vixencia durante 6 meses prorrogables con carácter anual, salvo petición expresa de calquera das partes asonantes con dous meses de antelación á data prevista de finalización do acordo.

SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente acordo terá natureza xurídico-administrativa, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, polo establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas. Seralle, así mesmo de aplicación o Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entres de dereito público, así como a Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entres públicos e de colaboración con particulares.”

Punto núm. 6.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA SOBRE VANDALISMO EN ESPACIOS PÚBLICOS NO MUNICIPIO DE ARES.



Toma a palabra o Sr. Alcalde, que a Ordenanza en termos xerais o que establece e mecanismos de reacción, fronte a destrozos no mobiliario urbano fundamentalmente realizados moitas veces por xovenes tanto menores como maiores de idade, fronte os que o Concello non tiña posibilidade de reacción no ámbito administrativo, e resposta penal as veces é excesiva, e moitos destes temas se resolven cunha multa terá unha eficacia preventiva, se son menores a teran que pagar os pais, e é brindarlle un instrumento á Policía Local, para que aparte de identificar a quen causan os danos se poida establecer unha reacción no plano administrativo.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, que manifesta que no fundamental está de acordo coa aplicación dunha taxa neste sentido, porque os anos nos levan a estas traxicas consecuencias en cuanto o mobiliario urbano que se veñen dando durante os últimos anos, aínda que estou de acordo como tema de ataxar, desde o punto da legalidade, entendo que isto debería ir acompañado dun informe por parte do Sr. Secretario, posto que poidera ser o caso, que incurrimos en algunha ilegalidade. En canto o fundamental estou de acordo.

Toma a palabra a Sra. Abeal Bouza, en representación do Grupo Municipal do BNG, manifestando que se levou unha decepción cando revisei o expediente deste Pleno e vin que non se me fixo caso á petición que realicei na Comisión de que se revisara esta ordenanza, e non se cambiou na da, ven igual que se levou a Comisión e como xa dixen na Comisión ten moitas cousas que non serven para este Concello, pero eso pasa cando se fan as cousas como dixo o Sr. Alcalde na Comisión, un copia e pega doutras ordenanzas, así non se fan as cousas, os copia e pega teñen certos problemas, incluso se chega a falar na Ordenanza do cumprimento das directrices fixadas no Plan de Urbanismo, que plan Urbanístico non hai ningún. Vou a falar dalgun problema que lle atopie, o primeiro empezando polo título, a nos parecenos de moi pouco gusto e de moi pouco tacto que esto se chame ordenanza sobre o vandalismo, pensamos que debería de ser algo máis positivo, tratar o tema doutra maneira, ordenanza de convivencia nos espazos públicos, ordenanza cívica, creemos que hai infinidade de títulos máis axeitados para esta ordenanza, a mín persoalmente non me gustou nada as notas de prensa que saíron esta semana, relacionando as palabra Concello de Ares con vandalismo e un pouco forte, hai moitos puntos nestas ordenanza que son moi restrictivos cos dereitos cidadáns, tanto de expresión como de manifestación e reunión, por exemplo di que se algún colectivo organiza un acto público o Concello poderá pedirlle unha fianza para os gastos da limpeza, por exemplo se a APA fai un magosto debería limpar o lugar de utilización, outro problema por exemplo hai unha manifestación dos veciños para protestar que as rúas non se arrancan e o Alcalde poderá facerlle pagar pola limpeza do espazo público, non sei se tamén entraría cando a igrexa como manifestación relixiosa fai alguna manifestación, non sei se chegaría ata ese punto, outro dos puntos e o tema da publicidade, se dí que terá que pedirse permiso ó Concello ou se poderá multar a quen pegue un cartel nun sitio no autorizado, por exemplo os veciños de Chanteiro que poñen unha pancarta para pedir o auga e saneamento na súa parroquia poderían ser multados polo Concello, non quero ir pola anécdota por que esto broma non ten nada, esta ordenanza que traemos hoxe pode



traernos moitos problemas, non estamos a favor de campañas tan represivas, pensamos que estamos a favor de campañas de sensibilidade da xente, e podería servir un tipo de regulamente, non estamos a favor de tanta represión eso era para outros tempos, e se levamos meses esperando pola Ordenanza de Servicios Sociais, tan básica para este Concello, tampouco vemos ningún problema por seguir esperando un pouco máis para facer esta ordenanza e que se respeten un pouco máis os dereitos dos cidadáns, a nosa proposta e que a deixemos sobre a mesa, e se revise e leve novamente a Comisión e se faga máis seria.

Interven o Portavoz do Grupo Popular, Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que están a favor, e que hai que diferenciar o positivo, da Ordenanza o que temos que ter claro é que o público nos costa a todos e hai que protexelo e hai que defendelo. Acaba de rematar a intervención a portavoz do BNG e puxo o exemplo de poñer unha pancarta en Chanteiro, eu creo que ninguén lle vai a sancionar por este tema, o que si esta claro e unha vergoña que temos a marquesina da parada dos autobuses rota e chea de publicidade, eso e unha vergoña e non o debemos de permitir, o que si está claro que nos temos que loitar polo público, hai que ser respetuoso como medio ambiente e ter as cousas medianamente decentes, e se pasara o que dixo a portavoz do BNG eso sería de escandalo, temos que mirar en positivo e evitar que prolifere todo o que está proliferando non so neste Concello senón en todos, pero o exemplo que puxen eu dicir que cada cristal da marquesina vale tres mil euros, e entras no pobo nunha praza ancha e esta chea de publicidade, publicidade que tamén se coloca nas fachadas, temos que protexer o público porque o pagamos todos, o diñeiro nas Administacións e pouco e costa moito atender a toda a cidadanía.

O Sra. Abeal Bouza, di que non está en contra de protexer os espazos públicos nin que se prohíba poñer carteis na zona dos buses, aquí todos sabemos que a publicidade se pon e onde se pon, non hai ningún sitio público designado polo Concello para poñer a publicidade, e u non estou en contra de non respetar e cuidar os espazos públicos, estou a favor de todo eso, hai que ser moi cauto e ir con moito coidado, cando se chega a extremismos non me gustan.

O Sr. Alcalde manifesta que o artigo 11 dí “Queda terminantemente prohibida a colocación ou pegada de carteis e adhesivos, e calquera actividade publicitaria, nos lugares non autorizados expresamente polo Concello, e de forma especial naqueles edificios cualificados de histórico-artísticos, considerados ou definidos como emblemáticos e singulares nos edificios públicos e no mobiliario urbano”, e dí o artigo 14.3 “Os organizadores de actos públicos, espectáculos, manifestacións, etc., son responsables da sucidade ou deterioración de elementos urbanos ou arquitectónicos que se produzan e están obrigados á súa reparación ou reposición, e ao correspondente pagamento da sanción”, senón hai sucidade nin deterioración non son responsables de nada, en consecuencia que teñas un mercadillo e cando remata xenere horas extraordinarias porque hai que mandar persoal do Concello que as duas e medio ou tres tería que estar na súa casa comendo, porque lles sae das narices non utilizar o contenedor que se lles puxo e deixan os papeis tirados, entonces o mellor os do mercadillo hai que decirlles que presten fianza porque temos que pagar unha hora extra



a dúas persoas, porque en venres e non pode quedar a rúa do Mercadillo chea cartóns o sabado e o domingo posto que hai unha Igrexa e hai que respetar a todo o mundo, se isto é extremismo indudablemente eu son extremista.

Rematadas as intervencións sometese a votación a petición do BNG de deixala sobre a Mesa e o Pleno do Concello por 2 votos a favor do BNG, 5 en contra do PSOE e 5 abstencións (4 PP e 1 NAL) acorda rechaza-la proposta.

Acto seguinte sometese a votación a aprobación da Ordenanza e o pleno do Concello por 9 votos a favor (5 PSOE e 4 PP) 2 votos en contra (2 BNG) e 1 abstención (1 NAL), acorda presta-la súa aprobación a ordenanza que figura como anexo ó presente acordo.

ORDENANZA SOBRE VANDALISMO EN ESPAZOS PÚBLICOS DO MUNICIPIO DE ARES

PREÁMBULO:

É obriga de todos os veciños actuar **cívicamente** no uso dos bens e instalacións que integran os espazos públicos do Municipio de Ares.

A este respecto existen na nosa comunidade actitudes irresponsables por parte de individuos e colectivos minoritarios que se manifestan de modo incívico no mobiliario urbano, fontes, farois, parques, xardíns, nos sinais de tráfico, nas instalacións municipais, edificios públicos docentes, de saúde,... e noutros bens, que supoñen uns gastos de reparación cada vez máis importantes, que distraen a dedicación de recursos municipais a outras finalidades e, que ao ter que ser afrontados polo Concello, se sufragan en realidade por todos os cidadáns.

Igualmente e polo que se refire ao estado de conservación da vía pública e é necesario garantir o bo uso dos espazos públicos, adoptando o réxime sancionador e disciplinario previsto nas ordenanzas e garantindo o cumprimento das directrices fixadas no plan urbanístico, a prestación dos servizos públicos e o uso dos bens de dominio público; todo iso dada a multitude de axentes que operan na vía pública, destinada ao uso xeral.

A tal fin é necesario dispoñer dun texto normativo que, á vez que defina as condutas antisociais que degradan o Concello e deterioran a calidade de vida, tipifique as infraccións e sancións correspondentes.

Por todo iso, en cumprimento do artigo 25 da Lei **7/1985**, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, en materia de conservación e tutela dos bens públicos, de protección da seguridade de lugares públicos, de policía urbanística e de protección do medio, e co



fin de garantir a correcta instalación e conservación dos espazos e zonas públicas do Concello de Ares e das instalacións e elementos de mobiliario que garanten o servizo e uso público, é polo que se elaborou a presente Ordenanza dividida nos seguintes Capítulos.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Neste Capítulo primeiro, contéñense as disposicións normativas de carácter xeral e desenvólvese o obxecto, ámbito de aplicación e alcance da Ordenanza, así como o réxime aplicable.

CAPÍTULO II. INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E INSTALACIÓNS PÚBLICAS

Establécese un inventario municipal de bens e elementos de dominio público con clara referencia á súa sistematización a través das novas tecnoloxías.

CAPÍTULO III. OCUPACION DOS ESPAZOS PÚBLICOS PARA FINALIDADES DE INTERESE XERAL OU INFORMACION-SEÑALIZACION VIARIA.

Normas relativas á ocupación dos espazos públicos para finalidades de interese xeral ou información-sinalización viaria por outras administracións, entidades ou por axentes turísticos.

CAPÍTULO IV. NORMAS DE CONSERVACIÓN E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS URBANAS EN ESPAZOS PÚBLICOS.

Normas de conservación e utilización das instalacións urbanas en espazos públicos. Diversos axentes e empresas de servizo.

CAPÍTULO V. MEDIDAS PREVENTIVAS, INFRACCIÓN E SANCIÓN. RECLAMACIÓN DE DANOS.

Trátase de facilitar as medidas de prevención e/ou sanción necesarias para a protección dos bens e espazos que integran o dominio público local, e evitar o enriquecemento inxusto do infractor, garantindo a reposición dos danos causados e resarcir o dano producido á comunidade.

CAPÍTULO VI. MEDIDAS DE FOMENTO. SUBVENCIÓN E PREMIOS.

Neste capítulo incluimos unha serie de medidas dentro da actividade de fomento da Administración Local, que garanta a educación cívica, e que premien os comportamentos solidarios dos cidadáns.

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. - Obxecto da Ordenanza

Constitúen obxectivos prioritarios da Ordenanza:



1. A prevención de actuacións que alteran a convivencia cidadá e a protección dos bens públicos de **titularidade** municipal e de todas as instalacións e elementos que forman parte do patrimonio urbanístico e arquitectónico do termo municipal de ARES fronte ás agresións, alteracións e usos ilícitos de que poidan ser obxecto.
2. Tipificar as infraccións e sancións que poderían derivar das actuacións que por acción ou omisión impidan, limiten a utilización de bens, espazos ou servizos públicos ou ocasionen danos sobre bens de dominio público.
3. Ascender e dinamizar os espazos públicos para fomento de actividades culturais e sociais ligadas ao seu destino público e ao interese xeral.

Artigo 2. - Ambito de Aplicación.

1. As medidas de protección reguladas nesta Ordenanza refírense aos bens de servizo ou uso públicos de **titularidade** municipal, rúas, prazas, paseos, parques e jardins, puentes e pasarelas, aparcamentos, fontes e estanques, estatuas e esculturas, bancos, farois, elementos decorativos, sinais viarias, árbores e plantas, colectores e papeleiras, valla, sinais de tráfico e demais bens da mesma ou semellante natureza.
2. Tamén están comprendidos os edificios públicos e todas as súas dependencias interiores e exteriores (patios, soportais,...), mercados, museos e centros culturais, colexios públicos, centros de saúde, gardarías infantís, instalacións deportivas, cemiterios e instalacións provisionais ou efémeras que se executen con motivo da celebración dalgún acto ou festividade.

Artigo 3. - Normativa vixente.

Con carácter xeral as obras reguladas nesta Ordenanza cumprirán as Normas e demais Disposicións vixentes.

Artigo 4. Utilización dos elementos e instalacións do espazo público.

Enténdese por elementos e bens que compoñen o viario e os espazos públicos e **por conseguinte** son de **titularidade** pública e reservada ao uso común xeral e a modo enunciativo, os seguintes bens e elementos:

- Os monumentos e fontes ornamentais, así como as bases, pedestais, columnas, cruces, azulexos conmemorativos, farois, etc., que aparecen nos parques, calles, prazas, fachadas, etc., que compoñen o Municipio de ARES.
- As árbores, arbustos, xardíns e conxuntos florais, xardineiras, etc.
- As bocas de rego, canalizacións, billas destinadas ao rego e abastecemento de parques e xardíns.



- Valla, **muretes**, cancelas que delimitan ou están situadas en zonas de dominio público.
- Os bancos, pequenas fontes, fornelas, placas, cadeiras, floreiros, elementos decorativos, e demais elementos que se sitúan nas rúas, prazas e espazos públicos.
- Os farois, focos, grupos, rexistros e instalacións eléctricas, que garanten a iluminación pública do municipio ou calquera dos seus elementos.
- Os colectores destinados á limpeza viaria, colectores de reciclaxe de vidro, cartón, papel, plásticos, pilas, roupa usada, etc., papeleiras, bocas e instalacións de recollida pneumática, etc., y demais elementos e instalacións que garanten a limpeza viaria.
- Os báculos, quioscos, cadeas, balaustradas, casetas, soportes publicitarios, rótulos identificativos de rúas e da toponimia, e demais elementos utilizados nas rúas, parques e destinados a servir aos espazos e ao uso público xeral.
- Paradas de autobuses, sinais de tráfico, semáforos, **termometría**, **barometría**, etc., destinados a garantir e utilizar os servizos de tráfico e transporte.
- As redes eléctricas, instalacións de saneamento e abastecemento do municipio e as súas canalizacións, cables, rexistros, billas, bocas de incendio, etc.
- As instalacións de telefonía e o cableado de banda ancha que discorren polas vías do Concello para garantir os servizos de telefonía e comunicación, así como as instalacións de subministración de gas. Estas instalacións, se ben son de **titularidade** das compañías privadas ao estar destinada ao servizo e uso do común dos veciños e ser prestadas en réxime de concesión, poderá ser obxecto de protección por parte deste Concello e as actuacións que impidan ou dificulten estas subministracións poderán dar lugar a medidas disciplinarias por parte do Concello ao afectar á convivencia cidadá. Estas actuacións só se realizarán en defecto ou por solicitude das compañías titulares dos elementos afectados e con carácter subsidiario.
- Elementos de **titularidade** pública situados no voo e subsolo.

CAPÍTULO II. INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E INSTALACIÓNS PÚBLICAS.

Artigo 5. - Inventario

Será de aplicación o vixente inventario de bens mobles, inmobles e instalacións públicas, para o cal o Concello de ARES actualizará anualmente o devandito inventario.

CAPÍTULO III - NORMAS RELATIVAS A OCUPACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS PARA FINALIDADES DE INTERESE XERAL, INFORMACIÓN E SINALIZACIÓN VIARIA.

Artigo 6. - Sinalización



Das vías e rúas do municipio.

1. Non se poderán colocar en vías urbanas sinais de circulación sen a previa autorización municipal.
2. Soamente se poderán autorizar os sinais informativos que, a criterio da Autoridade Municipal, tengan un auténtico interese público.
3. A **prohibe** a colocación de toldos, carteis, anuncios e instalacións en xeral que deslumbren, impidan ou limiten a todos os usuarios a normal visibilidade de semáforos e sinais, poidan distraer a súa atención ou dificulten a circulación ou o estacionamento.

CAPÍTULO IV - NORMAS DE CONSERVACIÓN E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS URBANAS EN ESPAZOS PÚBLICOS

Artigo 7. - Custodia de Bens.

Da obriga e deber de custodiar os bens e dereitos municipais.

1. As autoridades e o persoal ao servizo das Entidades Locais que **tuvieren** ao seu cargo a xestión e utilización dos bens ou dereitos destas están obrigadas á súa custodia, conservación, aproveitamento e explotación racional, respondendo ante a entidade dos danos e prexuízos que lles sobreveñan pola súa actuación con dolo, culpa ou negligencia graves.
2. A Entidade Local non poderá, en ningún caso, deixar de adoptar as medidas tendentes a devolver os bens ao estado anterior á produción do dano.
3. Todo cidadán ten o dereito e o deber, como membro da comunidade, de colaborar na conservación e a defensa do patrimonio municipal, xa sexa impedindo a realización de danos, xa o anunciado á autoridade competente no caso que se producira.

Artigo 8. - Danos e Alteracións

Queda prohibida calquera actuación sobre os bens protexidos por esta Ordenanza que sexa contraria ao seu uso ou destino ou impliquen a súa deterioración, xa sexa por rotura, arranque, incendio, verquido, desprazamento indebido, colocación de elementos de publicidade, utilización de materiais ou substancias e calquera outra actividade ou manipulación que os ensucie, degrade ou menoscabe a súa estética e o seu normal uso e destino.

Artigo 9. - Protección de bens.

Será de especial protección os seguintes bens e elementos comunitarios:



A) Protección de elementos vexetais, parques e xardíns (manipulación de árbores e plantas; pisar o céspede; introducir animais; depósito de materiais de obras; botar lixos, pedras,...; acender lume; outras actividades...)

B) Protección de mobiliario urbano e elementos decorativos (Bancos; Xogos infantís; papeleiras; fontes; sinalizacións; farois; estatuas; elementos decorativos...)

C) Protección do ámbito (Práctica de xogos e deportes en zonas acoutadas; actividades publicitarias por ordenanza de publicidade; actividades comerciais suxeitas a licenza municipal; reportaxes fotográficas e filmacións con logo de licenza municipal. Circulación de vehículos conforme a normativa de tráfico...)

Artigo 10. - Dos bos hábitos.

Está prohibida, e no seu caso será sancionada administrativamente, toda acción que desluzza, ensucie, produza danos ou sexa susceptibles de producilos en lugares de uso ou servizo público, independentemente da reclamación dos prexuizos causados, e da competencia da xurisdición penal, se fose o caso.

Artigo 11. - Sobre publicidade.

Queda terminantemente prohibida a colocación ou pegada de carteis e adhesivos, e calquera actividade publicitaria, nos lugares non autorizados expresamente polo Concello, e de forma especial naqueles edificios cualificados de histórico-artísticos, considerados ou definidos como emblemáticos e singulares nos edificios públicos e no mobiliario urbano.

CAPÍTULO VI - MEDIDAS PREVENTIVAS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN. RECLAMACIÓN DE DANOS.

Artigo 12. - Medidas de Inspección

O Concello de Ares adoptará as medidas de inspección encamiñadas ao cumprimento desta ordenanza, en calquera caso as consideradas na lexislación vixente, para o que será preceptivos e válidos os correspondentes informes emitidos por técnicos competentes, policía local, persoal de vixilancia, xefes de servizo...

Articulo 13. - Disposicións Xerais

1. Sen prexuízo da cualificación penal que puidese ter algunhas delas, constitúen infraccións administrativas as accións e omisións contrarias ás prohibicións e obrigas establecidas nesta ordenanza.

2. As infraccións a esta ordenanza terán a consideración de moi graves, graves ou leves conforme ao artigo 19 da presente Ordenanza

Artigo 14. Persoas responsables por danos no dominio público.



Terán a consideración de responsables e serán sancionados por iso:

1. As persoas físicas ou xurídicas que, aínda a título de simple inobservancia, causen danos no dominio público das Entidades Locais ou ocupen bens sen título **habilitante** ou utilíceno contrariando o seu destino normal ou as normas que o regulan, serán sancionadas cunha multa o importe da cal se determinará polo órgano competente conforme ao disposto nesta Ordenanza, con independencia da reparación do dano e da restitución do usurpado. En todo caso, darase audiencia ao infractor.
2. No suposto de que os autores de tales feitos sexan menores de idade ou conorra neles algunha causa legal de **inimputabilidad**, responderán por eles os pais, tutores ou os que teñan a custodia legal.
3. Os organizadores de actos públicos, espectáculos, manifestacións, etc., son responsables da sucidade ou deterioración de elementos urbanos ou arquitectónicos que se produzan e están obrigados á súa reparación ou reposición, e ao correspondente pagamento da sanción.

Artigo 15. - Carácter independente das multas.

- A) As multas que se impoñan aos distintos responsables dunha mesma infracción teñen entre si carácter independente. Non obstante cando se produzan danos en varios elementos ou instalacións poderase acumular as sancións por cada un dos bens mobles ou inmoibles obxecto de danos, se este resultase probado.
- B) Se os actos son realizados por varias persoas en grupo sen poderse probar a autoría individual, todos responderán en forma solidaria polos danos causados.
- C) Ao responsable de dous ou máis infraccións tipificadas nesta lei imporánselle as sancións correspondentes a cada unha delas.

Artigo 16. - Medidas preventivas.

A Administración Municipal poderá esixir aos organizadores de actos públicos unha fianza polo importe previsible dos traballos de limpeza que se deriven da celebración do acto.

Artigo 17. - Graduación das sancións.

- A) Para a graduación da sanción a aplicar, dentro dos límites establecidos nesta Ordenanza, teranse en conta a contía do dano, o beneficio obtido polo infractor, así como a súa reincidencia e circunstancias persoais e económicas.
- B) Para clasificar a infracción de moi grave, grave ou leve, a xuízo da Policía Local atenderase á intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades, a intensidade da perturbación



causada á salubridade ou ornato públicos, a intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos, a intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público e a intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público, cuantificándose entre o tanto e o **duplo** do prexuízo ocasionado, índice de reincidencia, implicación penal...

Artigo 18. -Tipificación de infraccións.

1. Serán sancionables ao amparo do Regulamento de Bens das Entidades Locais as infraccións que supoñan:

- A) Ocupar bens sen título **habilitante**.
- B) A súa utilización contrariando o seu destino normal ou as normas que o regulan.
- C) Causar danos materiais aos bens.

2. Así mesmo se considera infracción administrativa, a mala utilización, ou o impedimento para o normal funcionamento das instalacións ou mobiliario urbano existente en vía pública ou en espazos privados que dean lugar á prestación dun servizo público, tales como bancos, sinais, semáforos, canalizacións, instalacións eléctricas, farois, etc., e demais elementos similares relacionados no art. 11 desta Ordenanza.

3. Igualmente é considerada infracción calquera acto de vandalismo, destrución ou deterioración dos elementos e instalacións do dominio público ou que sexan necesarios para a prestación dun servizo público e os actos de vandalismo que afecten á normal convivencia, sexa producido por culpa, dolo ou negligencia e todo iso sen prexuízo das responsabilidades de carácter criminal ou civil a que **hubiere** lugar.

Artigo 19. - Clasificación das Infraccións

Estas infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves, conforme aos seguintes criterios:

1. Serán infraccións moi graves:

A) En todo caso, os actos que produzan un dano evidente e flagrante aos elementos do mobiliario, instalacións, equipamentos e infraestrutura dos servizos públicos existentes en vía pública.

B) Os actos que impidan a normal prestación ou funcionamento dun servizo público ou o seu uso por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, atendendo ao grao de intensidade da perturbación ocasionada ou do dano causado e aquelas que impliquen unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal



desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non **subsumibles** nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992 do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.

Entre estas infraccións moi graves están o vandalismo causado nos elementos relacionados no art. 11 de forma directa e con mala fe, reincidencia, ou atendendo á utilidade que a infracción lle reportara.

C) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

2. Serán infraccións graves:

A) Os actos que impidan a normal prestación ou funcionamento dun servizo público ou o seu uso por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, nos que a intensidade da perturbación ocasionada ou do dano causado á tranquilidade ou o pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades, non se considere moi grave por non implicar un dano directo ou non impedir o normal funcionamento da instalación ou o ben.

B) Os actos de ensuciamento, pintura, **graffitis**, rotulación de elementos que integren os espazos públicos ou formen parte das instalacións necesarias para os servizos públicos ordinarios.

C) O incumprimento do deber de conservación.

3. Considéranse infraccións leves:

A) O impedimento ocasional e non voluntario ou o dano leve dos elementos que integran os espazos urbanos do municipio, así como os ruídos intempestivos, os golpes, berros, entrar nos parques fóra do horario establecido,... etc., que alteren a paz cidadá e superen os índices de normalidade permitidos pola Ordenanza aplicable.

B) Aquelas outras non previstas nesta norma ou pola súa especial definición non están contempladas.

Artigo 20. - Sancións

1. As infraccións moi graves poderán sancionarse con multas de 751 a 3.000 €
2. As infraccións graves sancionaranse con multas de 301 a 750 €
3. As infraccións leves sancionaranse con multas de 60 a 300 €

As sancións aplicaranse polo dobre do prezo indicativo do elemento deteriorado ou danado, todo iso sen prexuízo ás reclamacións civís ou penais a que **houberen** lugar.



Para os efectos de calcular as sancións e ao obxecto de valorar as posibles responsabilidades de carácter civil por danos a que houbera lugar se terá en conta, o Inventario Municipal de Bens, os prezos de mercado no momento do arranxo ou a reposición dos bens e elementos que se relacionan no art. 11, que integran o espazo público.

Artigo 21. - Reparación de danos

1. A imposición das sancións correspondentes previstas nesta ordenanza será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada por este ao seu estado orixinario, así como a indemnización dos danos e prexuízos causados.

2. O Concello, logo de taxación por Servizos técnicos competentes, determinará o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el para o seu pagamento nun prazo non superior a trinta días naturais.

Artículo 22. - Terminación Convencional

1. Con carácter previo á adopción da resolución sancionadora que proceda, poderase solicitar pola persoa responsable da infracción, a substitución da sanción que puidese impoñerse, e, se é o caso, do importe da reparación debida ao Concello, pola realización de traballos ou labores para a Comunidade, de natureza e alcance axeitados e proporcionados á gravidade da infracción.

Artigo 23. - Responsabilidade penal.

A Entidade Local deberá exercitar a acción penal oportuna ou poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal cando poidan constituír delito ou falta. A incoación do procedemento penal deixará en suspenso a tramitación do procedemento administrativo ata que a mencionada xurisdición se pronuncie. Non obstante, poderán adoptarse as medidas preventivas urxentes que aseguren a conservación do ben e o restablecemento ao seu estado anterior.

CAPÍTULO VII - MEDIDAS DE FOMENTO. SUBVENCIONES E PREMIOS.

Artigo 24. - O Concello poderá establecer e regular a concesión de subvencións, con cargo aos seus presupostos, para actuacións que vaian encamiñadas á concienciación cidadá, educación cívica, fomento de actitudes saudables, e hábitos e comportamentos cidadáns respectuosos coa comunidade e o patrimonio público.

Artigo 25. - Así mesmo, poderanse establecer premios, recoñecementos, títulos, ... etc, propostos polas autoridades, axentes sociais, proposta popular, institucións públicas, asociacións, ... e aprobadas polo pleno da corporación, a actuacións que fomente a convivencia e os comportamentos solidarios dos cidadáns.

DISPOSICIÓN ADICIONAL



1. O establecido nesta ordenanza non impedirá a aplicación do réxime sancionador previsto nas disposicións sectoriais que cualifiquen como infracción as accións ou omisións contempladas nesta.
2. En todo caso non poderán ser sancionados os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

1. A partir de a entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas cantas disposicións municipais opóñanse a esta.
2. Quedan vixentes todas as disposicións municipais en todo aquilo que non contradigan expresamente ao establecido nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa completa publicación no Boletín **Oficial da Provincia**.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR PLENO ORDINARIO.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, para manifestar que xa reiterou no anterior Pleno Ordinario no referentes as resolucións do Contraído de pago que seguen vir o Pleno.

O Sr. Alcalde di que hai unha area económica no Concello responsable de esto, sempre a disculpa e a mesma, o excesivo traballo, pero se en lugar de vir cada pleno na medida das posibilidades desta sección, cando as pasa se adxuntan a sesión, entende que deberían vir a cada sesión, e o estan facendo cada tres ou catro, na medida das posibilidades trataremos de correxilo.



O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 8.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

a) Moción do BNG “DOTACIÓN DOS SERVICIOS BASICOS – SANEAMENTO ABASTECIMENTO RECOLLIDA DO LIXO ETC., A TODOS OS NUCLEOS DO CONCELLO.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

“ A dotación dos servizos básicos –saneamento, abastecemento, recollida do lixo, etc., a todos os núcleos do concello debe de constituir un eixo básico na actuación de calquera grupo de goberno. Así o entendera no seu momento o goberno municipal cando comezará - en diversas etapas- a ampliación do saneamento e abastecemento aos núcleos do concello que non dispoñían deste servizos.

Nembargantes, cando está a piques de cumprirse a primeira década deste século XXI, aínda temos no concello de Ares algúns núcleos que non dispoñen deste servizos básicos –nomeadamente, do abastecemento de auga –polo que entendemos que a resolución destas carencias debe de ser unha acción prioritaria da corporación; non só por razóns de xustiza coas veciñas e veciños que non contan cos devanditos servizos, senón tamén como medidas que axuden á millota da calidade de vida e a fijación de poboación no rural. Neste caso concreto, atópanse o conxunto dos núcleos de Lubre, Chanteiro e Cervás.

Non hai que esquecer por outra banda que nesa zona está previsto executar as obras para o saneamento integral –que ubicaran a estación depuradora en Chanteiro- e que mesmo do punto de vista técnico sería interesante compatibilizar éstas coa execución das obras de abastecemento; como se reclamou desde Chanteiro. En todo caso, desde o BNG pensamos tamén que dado que esta zona vai aturar a ubicación da EDAR que recolle todo o saneamento dos Concellos de Fene, Mugardos e Ares, cumpriría unha política de compensacións que, como mínimo, debería de partir da dotación da rede pública de abastecemento.

A vista do comentado anteriormente, desde o BNG propónse ao Pleno da Corporación de Ares a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.- Elaborar, con carácter de urxencia, o proxecto técnico para a dotación do servizo de abatecemento de auga nos núcleos de Lubre, Chanteiro e Cervás.

2º.- Estabelecer de Inmediato as negociacións con Augas de Galiza para conseguir o compromiso deste organismo na asunción desta demanda e, en definitiva, na materialización das obras de carácter prioritario.”



Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, quen di a Moción nin leva ese título nin se refiere ó conxunto dos servizos básicos, a súa parte dispositiva é bastante clara a respecto do quere, en todo caso dicir que nos desde que se constituí esta Corporación, y a pesar de non formar parte do grupo de goberno como non podía ser doutra maneira, temos un compromiso non soamente co electorado que nos apoiou senon co conxunto da poboación. A Corporación ten que traballar por solucionar os problemas que se lle presentan ós veciños, que a fin de contas é para o que estamos aquí, nese sentido quero recordar que o noso grupo desde o mes de xullo-agosto do pasado ano trouxo a este Pleno cantidade de iniciativas e propostas que en síntese na súa totalidade o que pretende e afrontar temas que a noso xuízo non teñen a mecánica ou a celeridade necesaria no grupo de goberno, sen que eso signifique crítica nin nada senón simplemente unha labor de impulso que é en todo caso a labor que nos temos que facer aquí, participar nas Comisións, levar as nosas propostas, converter o Pleno no máximo órgano de debate, e fundamentalmente naquelas cousas no que constitúe, o eixo dos servizos que debe prestar esta Corporación, que a Corporación se faga cargo porque ademais os proxectos de hoxe serán executados no día de mañá, como se esta vendo, nos nesta proposta que traemos pretendemos abordar un proxecto completo e específico, que un proxecto global para a dotación do abastecemento de augas a tres núcleos que desde o noso punto de vista técnico vai a ser moito máis factible darlle unha solución no conxunto que parcialmente, nos referimos a Cervás, Chanteiro e Lubre, indubablemente non hai que facer moitos exercicios de explicación, para darmonos de conta que estamos finalizando a primeira década do século XXI e a resolución deste problema do abastecemento, debe ser un tema común de calquer grupo de goberno, e nos nos daríamos cun canto nos dentes se os servizos básicos de abastecemento, saneamento, recollido do lixo e rede viaria en condicións cando chegamos o ano 2010, estivesen solventados nunha porcentaxe xa chegase ó cen por cento. Por que plantexar isto a día hoxe, porque un dos problemas que tiñamos na capacidade para dispor dun abastecemento en condicións, para todos os núcleos do noso Concello, que era a problemática que se plantexaba na utilización conxunta da rede por parte dos Concellos de Ares e Mugardos, ese problema está solventado, todos e todas leímos nos medios de comunicación, que o Concello de Mugardos vai a aportar non sei se 400 ou cincocentos mil euros, para un convenio coa Consellería de Medio Ambiente, con Augas de Galicia para executar esa tubería en paralelo, co que se solucionaran os problemas que tiñamos en canto a presión e capacidade e eso nos vai a permitir afrontar, unha maior distribución da rede e tamen solventar os problemas que tiñamos neste caso, na parte que xa estaba abastecida no núcleo de Ares, e tamén oportunidade porque a execución doutro proxecto importantísimo para o noso Concello, que é o proxecto do Saneamento para os Concellos de Fene, Mugardos e de Ares, non soamente non ten porque crear un problema, senón crear unha auténtica oportunidade. Refírome que en política moitas veces efectivamente debemos de utilizar na medida que se nos piden esforzos en compromiso, nos pidamos tamén compromisos en paralelo, nos o Concello de Ares, penso que tivo unha actuación xenerosa coa Consellería de Medio Ambiente, e tivo unha situación



xenerosa cos Concellos de Fene e Mugardos, no sentido de non poñer trabas e no sentido de facilitar que a Estación Depuradora de Augas se faga no noso Concello, onde temos que facer un grande número de expropiacións e onde seguramente vamos a ter máis dunha problemática que seguramente solventaremos como dixemos desde o BNG con consenso, e cun traballo en común, se é esa a actitude que se quere desde o grupo de goberno a quen lle corresponde a labora de gobernar, e eso é unha oportunidade porque como dín os veciños e veciñas porque se vamos a ter que aturar o lixo e os verquidos de tres Concellos, evidentemente que lle quitemos como contrapartida unhos mellores servizos e unhos servizos onde non os temos, como neste caso o tema do Saneamento en Chanteiro, e o tema da auga, e por unha razón de carácter técnico, e evidente que os prazos nos que se falou no seu momento para a execución do Saneamento integral no marxe sur, leva un considerable retraso, nos o dixemos sempre, que eso non ia ser nos prazos, e polo que establece unha certa posibilidade de que se somos áxiles, posiblemente poidamos facer unha previsión, de que as obras que fagamos para o saneamento leven unha previsión de que en paralelo ou complementariamente se poidan facer as obras de abastecimento de auga, trátase de que non teñamos levantar e tapar duas veces no mesmo ano, esa é razón de peso de que nos trouxeramos esta proposta aquí que está resumida nos acordos que se propoñen que paso a leelos:

1º.- Elaborar, con carácter de urxencia, o proxecto técnico para a dotación do servizo de abatecemento de auga nos núcleos de Lubre, Chanteiro e Cervás.

2º.- Estabelecer de Inmediato as negociacións con Augas de Galiza para conseguir o compromiso deste organismo na asunción desta demanda e, en definitiva, na materialización das obras de carácter prioritario.”

E evidente que temos que contar co proxecto, que este proxecto ten que estar actualizado, que ten que abordar as necesidades a día de hoxe, que despois ten que ir a Augas de Galiza, que a Administración o ten que considerar, terá que aprobar e estamos falando dun período de tempo longo, e senón mirese o que nos esta pasando co tema do abastecimento, polo tanto pensamos nos que canto antes comencemos antes fariamos unha realidade das maiores necesidades que ten hoxe estes núcleos, igual que o conxunto da poboación que é o dereito a ter o servizo da rede de saneamento municipal, nese sentido pedimos o apoio para a nosa proposta e que despois se desenvolva nas accións que teñan que facer por parte do equipo de goberno, e nas accións que debemos de facer no resto das Institucións que por parte do BNG tamén faremos para que se leve a cabo o máis rapidamente posible, moitas grazas.

Interven o portavoz do Grupo Municipal NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que quere dicir que esto o enclava en clave electoral, é unha moción, e se temos en conta a Moción que nos acompaña de seguido ven a enlazar completamente e perfectísimamente coa Moción, que se presenta hoxe aquí, creo que desde o noso punto de vista esto non se debía levar a este lugar no Pleno, o mellor e con boa intención do propoñente da Moción dado que non ten



responsabilidades de goberno, e o mellor o mecanismo que lle queda e ese, a nosa dúbida é que aquí no que se está solicitando elaborar, os servizos de abastecimento e de auga, as Parroquias de Lubre e Chanteiro, e seguramente o Alcalde que é o que ten por outra parte que levar a iniciativa por eso ten a responsabilidade de goberno nestes temas seguramente ten máis información da que nos podíamos ter e con esa información era instarlle que tiña que ir a unha Comisión Informativa, decírnos como estan as negociacións tanto con Augas de Galiza como se di aquí na moción, como a situación en canto a redacción dun proxecto, porque o mellor resulta que por augas de galiza, neste caso en canto a parroquia a que fan constancia na moción o mellor incluían o proxecto, aquí se veu anunciando de que esto ía ir incluído no proxecto da EDAR e que ía ser xa, despois resultado que no ía incluído na EDAR, e agora parece ser que hai un compromiso da Consellería de asumir, eu non nestes intre non teño constancia, simplemente polas notas e mocións que o grupo socialista presente no Concello dato algun en basarme de que eso vai a ser unha realidade, polo tanto con todos estes argumentos eu creo que o mellor sería polo punto de participación dos Concelleiros e o enriquecemento das Comisións Informativas, coller todos estes datos, seguramente o Sr. Alcalde dispón de moitísimos máis polas razóns que xa expuxen antes, poñelos enriba de mesa e que os Concelleiros aportemos as nosas ideas, os nosos proxectos, que tamén os temos para elaborar ou executar de forma definitiva un proxecto tan importante, como é a necesidade dos servizos de auga e saneamento para estas parroquias, xa digo eu o enclavo isto no tema electoral, porque a constestación a esta Moción por parte do socialista eu creo que isto é unha disputa polo protagonismo político, eu creo que o que debíamos facer era xa digo levar eso os conductos normais que son as Comisións Informativas, que están para o debate, seguimento e para aportar ideas, e depurar estas dúbidas que poden xurdir traelas directamente o Pleno, parece-me que esta non é a vía, e que nun futuro isto o debemos de reconducir, polo que manifestar que o noso posicionamento vai a ser que isto quede sobre a Mesa, que vaia a Comisión Informativa correspondente, e o Alcalde cos datos que seguramente ten que os poña enriba da mesa e chegar a unha conclusión definitiva, posto que seguramente vamos a estar de acordo e vai a ser por unanimidade, sobre todo tratándose dos servizos básicos tan importantes como os que dixen.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, manifestando que xa se falou de oportunismo, e vai a ver outras mocións do oportunismo político, e eu quero lembrar e me vou a centrar no tema, do POL 2002-2006 co tema do saneamento de Chanteiro, creo que hai empezou e que isto lle deu algunha rentabilidade o portavoz do BNG en Chanteiro, que utilizou demagógicamente, e vou a facer un pouco de memoria, nos cando puxemos no POL 2002 a obra do Saneamento de Chanteiro de primeiro, creímos que era unha obra moi difícil, moi complexa creímos que era unha obra moi difícil de facer que ninguén se atreveu a acometer, nos metámonos con eso de cabeza e nos encontramos que tiñamos que pasar por fincas privados e tivemos que abrir un período de expropiacións, o cal nos levou a remitir unha carta a cada veciño e o 90 por cento dos veciños asinaron, deixándonos tres ou catro a via da expropiación o



que retrasou a execución das obras. Nos tiñamos un programa que era 2002-2006 non nos quedou máis remedio que utilizar ese diñeiro que estaba para o saneamento e debido o retraso das expropiacións tivemos que utilizalo no Saneamento de Cervás, que deixamos todo o saneamento de Cervas feito máis a última fase da rua San Andrés, e creo que cando se rematou co tema das expropiacións, eu mandei que se incluíra no proxecto de saneamento o auga, no mes de febreiro ou marzo ese proxecto estaba listo, non había onde encaixa-lo e houbo un compromiso por parte dos tres grupos políticos que formaban parte da Corporación, un acordo que se tomou no Pleno de que na primeira axuda que houbera ben sexa Deputación ou Xunta de Galicia, se tratara de encaixar este proxecto, despois se creou unha Comisión se empezaron a facer charlas, se utilizou a demagogia para dañar e contar mentíras de cal era a situación real do Saneamento de Chanteiro, creo que esto segue igual e exactamente o mesmo, eso que pide o BNG o queremos todos , e dicir que a parte dispostiva da moción do PSOE que fixo memoria técnica de cómo está, que o auga xa hai dous anos que esta en Lubre, na zona da Igrexa, e que hai un compromiso por parte dunha promotora de que cando se faga a estación de bombeo que ten que ir no colexio, de levar a auga O Penedo, o que é o núcleo grande de Lubre vai a quedar solucionado. Que como dí o BNG hai o compromiso que o Concello de Ares se portou ben cos Concellos que se van a beneficiar da EDAR e coa baixa que se vai a producir na obra Aguas de Galiza ten que comportarse bastante ben e aquí coincidimos, posto que o Concello de Ares, non fixo oposición ningúnha, soamente colaboración para que esta obra se leve a cabo. Eu sempre viña dicindo que tiñamos unhos puntos moi importantes para o desenrolo de Ares, como podía ser a realización do Porto Deportivo, como pode ser a rotonda, e como pode ser o acceso e como era o Saneamento da Ría, foi unha aposta que tivemos desde o ano 2002, nunha reunión que tivemos os Alcalde co Conselleiro de Política Territorial, naquel entonces o Sr. Cuiña, e creo que é unha debeda que Augas de Galiza debería realizar estas obras, nos agora estamos na oposición como o BNG, pero debemos ser máis responsables coas formas, que todos queremos o mesmo pero non a utilización política deste tema que non vai levar máis que a enfrontamentos, e proba deso é que o PSOE ó presentar o BNG esta moción eles presentaron outra. Creo que despois de facer a exposición e deixalo claro, dicir que vamos a votar a favor da Moción porque nos non vamos en contra de ningún veciño, o que temos que deixar saneado o Concello canto antes, un Concello Turístico ten que ter saneado todo o concello e as praias igual que son o reclamo que temos, eso e fundamental e o servicios de augas igual. E unha moción oportunista porque se sabe que todos queremos esto, estas obras se van a realizar porque son necesarias e primordiais, nos despois de esto dicir que vamos a votar favorablemene á Moción.

Interven o Sr. Alcalde e manifesta que o grupo socialista pide que se retire a Moción, porque é extemporanea por moitos aspectos, o meollo da cuestión radica nos acordos da Moción, non coinciden loxicamente coa realidade, pos que no punto un se pide a redacción do proxecto técnico para a dotación do abastecimiento nos núcleos de Lubre, Chanteiro e Cervás, xa están redactados e entregados, polo que non hai que redactar nada con carácter de urxencia. En consecuencia tampouco procede o número dous, porque dí que que hai que establecer de inmediato as



negociacións de augas de Galicia, para conseguir o compromiso deste organismo na asunción desta demanda e, en definitiva, na materialización das obras de carácter prioritario; que eu saíba efectivamente hai dúas Consellerías para levar servicios ó medio rural, que son Augas de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, e a Consellería do Medio Rural en consecuencia o que lle pedimos a augas de Galicia tamén o poderíamos pedir a Medio Rural de feito está a executar algún na zona de Curmá, e ademáis tamén hai que abrir outro debate sobre unha realidade, que é que AQUAGEST ten un contrato con o Concello de Ares que está claramente superado pola realidade, e un contrato no que eu estou totalmente convencido de que soamente quita beneficios, e saca moitos, o número de usuarios que hai hoxe non é aquel co que se negociou no seu momento, e creo que AGUAGEST xunto con Medio Ambiente e Augas de Galiza, representa outro obxectivo prioritario para esixir nese sentido loxicamente responsabilidade social, creo que hai que abrir de inmediato unha negociación con AQUAGEST onde se poida volver a negociar de acordo cos parámetros de hoxe, da realidade e onde AQUAGEST se tivo o xesto de negociar en Cedeira e entregar unha porrada de millóns o Concello de Cedeira para obras porque en Ares non o fai, en consecuencia hai Concellos que están negociando coas súas empresas de xestión do auga, e efectivamente non vamos a ignorar que hai Concellos que negocian moi ben e sacan nese sentido boas inversións para o seu Concello. Se AQUAGEST no Concello de Cedeira pon enriba da mesa dous millóns de euros para obras municipais, porque en Ares vamos a renunciar a esixirlle a AQUAGEST eses dous millóns de euros. A Moción do BNG se centra en Augas de Galicia non é xusto, está tamén Medio Rural e AQUAGEST e noutros concellos pon diñeiro enriba da mesa, e en Ares xa vai sendo hora de pedirlo, porque non só e gañar e gañar. Como digo a elaboración con carácter urxente dos proxectos non ten sentido porque xa están rexistrados no Concello de Ares, á empresa PROYFE redactaos os tres, polo que a moción do BNG no punto núm. 1 decae, e no punto núm. 2 é inxusta porque a responsabilidade social con este Concello é de Augas de Galicia, de Medio Rural e de AQUAGEST, que ben que está exprimindo os veciños.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que lle extraña que non fixera unha referencia a que nas intervencións todos nos ciñeramos á Orde do Día deste tema e todos podamos falar do que nos conveña menos da Moción do BNG, despois cando o apliquemos a outros debates xa tomaremos boa conta, o debate que se deu aquí sobre o tema do saneamento cada un podemos contar as nosas historias e como nos foi nelas, na nosa Moción non se inclúe para nada o tema do Saneamento, nos preferimos arriscarnos a dar os debates que a non dalos, e os damos onde temos que dalos, xa é o colmo que ó BNG se lle acuse de traer os problemas que nos entendemos, e podemos equivocarnos que lle preocupen á xente, que os trallamos os órganos de goberno, e fundamentalmente que un tema como este que o sometamos ó Pleno, e porque o Pleno, porque quero recordar aquí que neste momento hai unha Corporación que non ten maioría absoluta, eu aspiro a que se teña a delicadeza e que se teña o contacto co resto dos grupos para se coñeza cal e a situación e que despois non se lle vote a culpa ó resto dos grupos cando as cousas non salen, nas cousas que teñen que saír por consenso o lugar de debate ten que ser o Pleno, non sei por nos extrañamos que aquí estemos



falando de que se faga un proxecto para dotar de auga as parroquias que non o teñen, o final os que damos o debate parece que somos os culpables deso, o mellor querían que nos quedáramos calados e cando chegara o ano 2011 lle dixéramos ó equipo de goberno que vostedes non fixeron absolutamente nada, e vostede nos dixo algo durante ese espazo de tempo, no tampouco, parece que esa é a política que se debe de levar, o sinto moito pero nos estamos noutra mecánica, e non temos responsabilidades de goberno. Electoralmente nos desto non gañamos nada, en absoluto, porque non hai eleccións, e porque ademáis esto quen o vai a executar será o Concello de Ares, e serán Consellerías nas que eu non teño, aínda que foran do BNG non vou a quitar rentabilidade ningúnha, pero temos a profunda preocupación e a experiencia triste, de ver como proxectos que son necesarios se alargan no tempo, porque en moitos casos falta a conciencia de que hai que petar en moitas portas. E a solución de estes temas non é que xa estou eu entregando proxectos, a día de hoxe vostede non é que non trouxera ningún proxecto, para coñecemento e para aprobación da Corporación, ningún proxecto relacionado co abastecimento de auga a estes tres núcleos, senón que aínda non nos trouxo o proxecto do Saneamento en Chanteiro.

O Sr. Alcalde respóstalle o Sr. Rodríguez Doval, que o puido deixar el feito cando foi Alcalde.

O Sr. Rodríguez Doval, di que o Sr. Alcalde é responsable do que fai, e do que non fai, e do que dice, e vostede dixo neste Pleno hai un ano, que tiña o compromiso, vostede foi a facer unha reunión a Chanteiro onde explicou un proxecto onde os membros desta Corporación nin siquer coñecemos. Sr. Alcalde non intente vostede enredar as cousas, a mín non me enreda, e os cidadáns de Lubre, Cervás e Chanteiro tampouco, eu non veño aquí a facer unha batalla política, porque non hai eleccións, o que hai son necesidades, vostede ten o goberno, ten vostede un Pleno e un conxunto da Corporación ó que se debe de remitir para dar determinados pasos, vostede nos os dou, os proxectos da Corporación eu me fago cargo, cando os coñezo, os debato e os aprobo, porque senón sabe o que pasa, o que pasou co Saneamento Integral, que se fixo un proxecto e tivemos volver a refazalo, e sabe cando tempo perdimos, pois un ano, Sr. Alcalde recordolle unhas declaracións suas do ano pasado no mes de agosto “en dous meses empezamos as expropiacións para o saneamento integral”, verdade que non foi así e eu tampouco vin aquí a darlle gorrazos. No tema da auga hai moito camiño por facer, eu no nego que vostede non dirá pasos e non falara, eu no veño aquí a negar as xestións que vostede fai, veño a pedir que o que se fai teña o aval do Pleno, e teña as seguridades das cousas, porque eu das Consellerías do BNG non me fio ata que o teño por escrito. Eu quero ver as cousas e por eso eu tamén mando algunhas cartas para que se cumpran os compromisos, non critiquemos aquí os que facemos os deberes, quero dicir que en relación co tema da auga, o de oportunismo, demagogia e electoralismo dicir que cero en absoluto, vimos aquí porque xa está resolto o tema da tubería paralela e porque tamén vamos a facer as obras de saneamento, e sería interesante acompañar ese tema, e que quere que lle diga e Medio Rural non vai facer un proxecto global para o saneamento de Cervás, Lubre e Chanteiro, porque vostede sabe as



anualidades que nos está dando, e vostede o dixo que esta Consellería colaboraba moito con Ares, estamos falando dun investimento global, eu se fora unha obra pequena dunhas tuberías que costara cinco ou dez millóns de pesetas este tema non viña aquí, pero incluso desde o punto de vista técnico tamen vai a ter problemas, aquí temos falado de bombear a auga e facer unhos depositos na zona do Bordocedo que tamén lle serviran a Mugardos, de que despois a auga fora por caída, e ese debate aquí non se deu. E chamarlle a eso demagogia e oportunismo penso que é estar fora do lugar. Prefiro equivocarme a estar calado e non falar das cousas, que son as necesidades da xente. Nos seguimos mantemento a necesidade de que se adopte este acordo, porque non prexulga non obriga, nin pon de bos e malos da película a ninguén, e un punto de partida que colectiviza que nos da a todos, que lle da éste Pleno e lle da o Alcalde un aval tamén para empezar a traballar de cara o futuro, e eso non se deu ata que tivemos este debate aquí.

O Sr. Alcalde, resposta que os proxectos xa están feitos, estan redactados e entregados por PROYFE, e Medio Rural pode asumir a execución de tramos de abastecimiento porque xa o esta facendo, o problema de abastecimiento é moito mas amplo, posto que como sabemos incluso en redes hai unha comunidade de augas privada, e o do proxecto de Mugardos que xa está solucionado, dicir que a día de hoxe aínda non conta con licencia e que pon o diñeiro e Reganosa, porque temos a desgracia que o noso Concello veciño prioriza o consumo industrial sobre o humano, e mentras a fábrica de colas teña auga para súas colas, lle importa e perdoneseme a expresión lles importa un pito, so hai que ver a desgracia deste verán onde os segundos xa non funcionaban os quentadores, senón que na zona do cemiterio a partir das doce e medio non tiñan auga nos grifos, e eso e debido a aceleradora que prioriza o consumo industrial sobre o consumo humano, e ese proxecto necesita licencia do Concello de Fene porque as tuberías pasan polo Concello de Fene, e sabemos todos a simpatía que ten o Concello de Fene en facilitarlle a vida a Reganosa, non ten licencia a día de hoxe, Fene non a deu, e se falamos con Augas de Galiza vemos que estan loitando para que eso siga adiante, e vai a saír, pero a desgracia e que fai un ano que podía estar, e ese proxecto é de hai dous anos e medio, no Concello de Fene se lle puxeron todos obstáculos que poideron e máis, eso de momento non ten licencia, polo que Ares de momento non ten caudal para darlle a ninguén, os proxectos están feitos porque chegará algún día en que eso se fará, por esta Alcaldía ou pola seguinte, os proxectos estan todos redactados e se está esperando a que Augas de Galiza os execute, e unha barbaridade executa-lo sen auga, porque as tuberías pudren, abastecimento feito o día seguinte necesita auga, senón se deteriora e os seis meses non serve para nada, entón temos un problema gordo, que ten que amañar ese novo abastecimiento que independice Ares de Mugardos, segundo o saneamento de Chanteiro efectivamente é unha realidade, e o proxecto está en augas de Galicia desde febreiro e existe un compromiso por escrito efectivamente da Consellería, que contrata son eles e que executa son eles, cando non nos toca a o nos, non nos toca e eles teñen o seu ritmo de contratación, e o Saneamento esta aprobado e é público e notorio, e vostede se non coñece o proxecto é porque non quere porque o proxecto o levei a unha reunión



con todos os veciños e o expliquei e a vostede o vin ali detrás e se non se acercou foi porque non quixo, ou leveino a unha reunión ó Centro Cultural Outeiro e estivo vostede presente. A súa moción pedimos que quede sobre a mesa porque é inexacta, porque en primeiro lugar non hai que redactar nada porque xa está redactado, e segundo que non só é augas de Galicia, e segundo que non só e Augas de Galicia, tamén é Medio Rural e ogalla que sexa tamén AQUAGEST que poña dous millóns de euros enriba da mesa para facer obras regladas, son inversións que a empresa vai a rentabilizar.

O Sr. Rodríguez Doval, por unha cuestión de orde, preguntalle o Sr. Secretario se sabe se en virtude do convenio que está vixente con AQUAGEST, por esta se fixeron algunhas obras en beneficio do Concello.

O Sr. Secretario resposta que sí que levaba.

O Sr. Rodríguez Doval, preguntalle o Sr. Seretario, se as podería contabilizar, e aínda que non sexa agora nun prazo aproximado de 15 días.

Resposta o Sr. Secretario que si se pode facer.

O Sr. Alcalde interven e lle pregunta o Sr. Rodríguez Doval, se non lle vamos a pedir nada máis a AQUAGEST.

Resposta o Sr. Rodríguez Doval, dirixindo o Sr. Alcalde, que non trate de enredalo, que o proxecto de abastecemento de auga a tres núcleos é unha cousa a contrato con AQUAGEST é outra cousa diferente. E como vostede e tan rápido para algunhas cousas, negocie con AQUAGEST e se non é capaz lle voto eu unha man.

O Sr. Alcalde di que lle agradece que lle vote a man, pero non o cuello, porque xa sabe as mans que lle leva votado, no pleno pasado pasado nunha modificación de créditos que levaba o Parque das Mirandas (non), a Modificación das Normas Subsidiarias (no), un vehículo para a Policía Local (non), a obra de Redes (non, entón en que me vota unha man.

O Sr. Rodríguez Doval di que a acta esta hai e se pode comprobar, vostede non se afoga polos dous Concelleiros do BNG, vostede afogase so.

O Sr. Alcalde di que o PSOE vai a votar en contra, porque os proxectos xa están feitos, e de Medio Rural non quere falar porque é unha Consellería do BNG, os do BNG non se lles pode pedir nada.

O Sr. Rodríguez Doval, di que parece mentira que vostede diga que os do BNG non se lles pode pedir, nada, cando todo o que se está a facer en Ares o estan facendo as Consellerías do BNG.



O Sr. Alcalde, di que efectivamente o están facendo a pesar da posición do Sr. Rodríguez Doval, a Galescola e o Centro de Día, o están facendo coa súa abstención á cesión dos terreos, a pesar da súa posición o fan igual. A tiñamos unha visita do Sr. Vicepresidente e a tumbaches ti, e teño testigos, non te interesaba que o Vicepresidente viñera a falar dunha Galescola e dun Centro de Día que son boisimos para o Concello de Ares, e eu anunciei a visita en Comisión e tivo que suspender a visita polas tuas manobras.

O Sr. Rodríguez Doval, di que esta sorprendido polas cousas que dí e porque lle de tan protagonismo nalgunhas cousas, estou sorprendidísimo.

O Sr. Alcalde dille o Sr. Rodríguez Doval, que esta auga a pudo ter feita el cando foi Alcalde, porque ti fuches Alcalde cos votos do PP, e a mín me reprochas que goberno con eles, e o pudeches facer, non o fiseches non sei porque.

Resposta o Sr. Rodríguez Doval, que tampouco sabe o que fixen porque vostede non estaba aquí, e non sabía o que pasaba en Ares, e dubido que tampouco saiba o que pasa hoxe en Ares, despois de verlle esta intervención, estamos en dous mundos distintos, pero falemos da auga.

Sometida a votación de que o asunto quede pendente o Pleno da Corporación por 6 votos a favor (5 PSOE e 1 NAL), 2 votos en contra (2 BNG) e 4 abstencións do Grupo Municipal do P.P. acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

b) Moción do PSdeG-PSOE “SOBRE ABASTECIMIENTO DE AUGA NAS PARROQUIAS E LUGARES DO MUNICIPIO, QUE CARECEN DESTE SERVICIO”.

Dase conta conta da Moción do PSdeG-PSOE do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O municipio de Ares, é fundamentalmente as parroquias rurais do mesmo, arrastran dende hai moitos anos unha serie de carencias nalgúns servizos considerados básicos no actual Estado de Benestar. Unha destas carencias era o saneamento de Chanteiro, afortunadamente resolto grazas ao compromiso de Augas de Galicia, que asumíu estas obras que se executarán ao mesmo tempo que os traballos da estación depuradora de augas residuais (EDAR).

Outra das demandas cidadás é a do abatecemento de auga, un servizo do que carecen os veciños que residen en Chanteiro, Cervás Lubre, Alto de Simou, Ixobre, Curmá, Mazaído e A Solaina. Ata o momento, o actual grupo de goberno xa deu unha serie de importantes pasos encamiñados a dotar a estas zonas do concello de dito servizo.



Así, redactáronse os correspondentes proxectos de abastecemento de Chanteiro, Cervás e Alto de Simou, que na actualidade están sendo obxecto das negociacións oportunas por parte do alcalde ante os responsables de Augas de Galicia. De feito, na última visita a este municipio do conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, anunciouse o financiamento por parte deste departamento da Xunta das Obras de Saneamento do Alto de Simou, valoradas núns 155.000 euros.

En canto a Lubre, o subministro de auga poderá entrar en funcionamento cando se aprobe por parte da Deputación a obra do Plan de Cooperación cos Concellos correspondente a este mesmo ano, xa que nexxe proxecto vai incluída a instalación dun depósito de bombeo que dará a presión necesaria para o abastecemento.

Outra negociación que agora vai dar os seus froitos é a do subministro de auga ata os núcleos de O Penedo e Maiobre. Deste xeito, a curto prazo os veciños que residen nestes lugares disporán deste servizo posto que o Concello vinculou a construción dunhas vivendas á obriga por parte da promotora a dotar de abastecemento de auga a toda a zona.

E precisamente nestes días xa comezaron as obras para dotar de subministro de auga a Curmá, Mazaído, e a Solaina, nestes casos a través dunhas actuacións sufragadas pola Consellería de Medio Rural.

Ademáis, xa se ampliou a rede municipal ata o pobo de Redes, procedéndose na actualidade á substitución das tuberías de auga, alcantarillado e a creación de tubería de pluviais separativa, entre outras actuacións, no marco da obra de pavimentación das rúas do casco urbán, subvencionada pola Consellería da Presidencia. A maiores, o grupo de goberno está levando a cabo as negociacións pertinentes coa Comunidade de Augas de Redes para a implantación do servizo municipal.

Pero, no marxe das negociacións con todas aquelas institucións e organismos implicados dalgún xeito na dotación deste servizo, esta agrupación entende que Aquagest, como empresa concesionaria do abastecemento de auga e saneamento no Concello de Ares, debe implicarse tamén de forma activa na ampliación da rede de abastecemento.

Neste sentido, o grupo socialista considera que polas propias circunstancias do municipio, o actual contrato con Aquagest xa está superado e, polo tanto, resulta fundamental a negociación dun novo no que a empresa destine unha porcentaxe cuantificada dos seus beneficios a ampliar a rede municipal de subministro de auga.

ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal insta ao grupo de goberno a seguir coas negociacións coas diferentes administracións e institucións públicas para garantir o abastecemento de auga en todas aquelas parroquias e lugares do termo municipal de Ares que ata o momento carecen deste servizo.



Ademáis o Pleno da Corporación Municipal insta ao grupo de goberno a renegociar un novo contrato coa empresa Aquagest, no que consten inversións por parte da compañía, atendendo aos seus propios beneficios anuais, nestas zonas carentes de abastecemento.”

O Sr. Alcalde manifesta que á vista de que a anterior Moción quedou sobre a mesa, e aceptando as propostas de NAL e do PP de non facer electoralismo con este tema tan sensible para o Concello de Ares, o grupo municipal Socialista retira a presente Moción sobre abastecemento.

Pide a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que co cal queda moi claro cal era a intención que vostedes tiñan, que era non levar a agua.

O Sr. Alcalde resposta, que escoitei tanto NAL como PP, como as veces me dan a razón, din que é conveniente que se retire, por deferencia a votan moitas veces as propostas da Alcaldía, por deferencia a retiro.

c) Moción do PSdeG-PSOE, “ACCIDENTE FRAGATA EXTREMADURA”.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSde G-PSOE sobre accidente na Fragata Extremadura, do seguinte teor literal:

O 19 de decembro de 2005 a fragata “Extremadura”, que estaba amarrada nun dos peiraos do Arsenal Militar de Ferrol, sufríu un accidente que tivo como consecuencia a morte de dous tripulantes deste barco da Armada: O mariñeiro de 20 anos Eric Noval Gómez e o cabo primeiro Francisco Jesús Pérez Castrillón, de 28 anos.

Dende o ano 2006 o Xulgado Togado Militar de A Coruña instrúe o caso e ten abertas sen secreto de sumario as diligencias previas.

O Cabo Jorge Miguel Gago Chao, que se atopa de garda na noite do suceso, foi un dos militares que declararon perante o xuíz. Despois da vista, o cabo ferrolán fixo unha serie de declaracións á prensa, asegurando que o accidente se debera a una negligencia. Debido a ditas declaracións, e alegando “facer reclamacións, peticións ou manifestacións contrarias á disciplina ou baseadas en aseveracións falsas” a Armada abriu un expediente, que se saldou coa condea de dous meses de arresto en prisión militar.

Hoxe mesmo, os medios confirmaban o acordo da Armada, que finalmente decidíu arquivar o expediente con carácter definitivo. Isto significa que o Cabo Gago non terá que cumprir a sanción imposta polo estamento militar.



ACORDOS:

O Pleno da Corporación Municipal recoñece e valora a decisión adoptada polo Ministerio de Defensa, e máis especificamente pola Armada, ao arquivar con carácter definitivo o expediente aberto ao Cabo Jorge Miguel Gago Chao, que deste xeito, non terá que executar a sanción imposta de dous meses de arresto en prisión militar.

O Pleno da Corporación Municipal acorda, asimismo instar ao Ministerio de Defensa e a Armada a que esclarezca o accidente acontecido na fragata “Extremadura” o pasado mes de decembro de 2005, e que lle custou a vida a dous mozos que estaban a bordo deste barco.”

O Sr. Alcalde manifesta que todos sabemos, que na Fragata Extremadura o día 19 de decembro de 2005, houbo un accidente, todos sabemos que como consecuencia deste accidente, morreron dous tripulantes, todos sabemos que a morte deses tripulantes é problemática no senso de que hai declaracións ó respecto, no senso de que posiblemente non se investigará con todo o rigor que a morte de calquera merece, e tamén é evidente que hai un cabo que no seu momento foi expedientado e que efectivamente se suspendeu a execución da pena polo Ministerio de Defensa. Sen ánimo de polemizar sobre esta materia, creemos que superado o tema do cabo, fronte o que o Ministerio de Defensa decidiu xa non actuar, creemos que ese expediente pechado non debe levar a que los olvidemos do accidente, en consecuencia o expediente aberto o cabo Gago parece que tivo unha solución favorable no senso de que non se vai a executar a pena de arresto, pero si queremos por de manifesto que con eso non se pode rematar o incidente do accidente na Fragata Extremadura, por eso presentamos unha Moción onde queremos instar o Ministerio de Defensa e a Armada para que esclarezca o accidente acaecido na Fragata Extremadura en decembro de 2005 e que lles custou a vida a dos xovenes que estaban abordo de dito barco. Pechouse un capítulo que é o expediente aberto o cabo, pero eso non pode significar que se pase páxina e que se intente olvidar os outros dous que pola desgraza de estar mortos non teñen voz para defenderse, pero si efectivamente teñen a nosa se nos queremos e aprobamos esta Moción.

Inter o portavoz do Grupo Municipal do BNG, Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta que queren manifestar a súa extrañeza porque esta moción apareza agora, cando é evidente que todos os grupos políticos tivemos a oportunidade, que non oportunismo de pedir que houbera solidariedade, e seguramente cando máis se necesitaba, a Moción adoce de oportunismo claro e evidente, porque aparece agora cando parece evidente que xa se solventou o tema da sanción o cabo Gago, proceso co que nos discrepamos profundamente, o que esta pasando e que se está tapando o problema de fondo, lamento ter que dicir esto, pero seguramente que a Armada encontrou un suterfuxo para quitarse o cabo Gago do Medio, unha medida según a cal o cabo non pode entrar en prisión, pero que seguramente espero equivocarme tampouco poderá seguir na Armada, con o cal a Armada se libera non do cabo Gago



senón dunha situación que é impropia naturalmente dunhas Forzas Armadas no século XXI, di o Sr. Alcalde que posiblemente non se investigaran os feitos. Como di vostede eso, e que desapareceron os documentos, e máis ala de quen governe, aínda que houbera unhas Forzas Armadas coas que eu coincidira o cen por cen, e evidente que situacións como esa nun proceso onde morreron dúas persoas, estan dando a nota de que hai unha institución opaca, e se chega a situacións verdadeiramente tremendas, porque aquí non hai que sobreseer o expediente do cabo Gago, hai que coller a toda a cupula que tomou parte na decisión que dou lugar, non vou a vir que recoñezo e acepto a decisión do Ministerio de Defensa, que decisión se o mellor o estan afundindo para toda a vida e calandolle a boca para que non se fale do problema de fondo. Enton como non vou a seguir falando deste tema, porque o coñezo e me doe, en todo caso se mantén exclusivamente o segundo punto lle vamos a votar a favor, que é unico que se pode pedir a día de hoxe. Que lle agradezo eu a Defensa, se hai unha familiar que rompeu, se hai dúas persoas que morreron, uns documentos que desapareceron, que lle agradezo a Defensa, que inventara un suterfuxo para afundir a este home o resto da súa vida, que seguramente xa ó afendeu, non conte con nos. Estou falando máis co corazón que coa cabeza, se vostede quere nos pronunciarnos para que se esclarezcan os feitos, a día de hoxe é o unico que se pode facer, e os feitos os ten que esclarecer o Ministerio de Defensa, xa o colmo sería que o felicitáramos.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, portavoz de NAL, manifestando que coincide co exposto polo Partavoz do BNG de quitar o primeiro parrafo e deixar o segundo, porque según parece que os medios de comunicación se fan eco de que o expediente vai a quedar arquivado definitivamente, e como pon a mesma Moción. Decir tamén que lamento profundamente que a estas alturas de democracia que sexa o partido Socialista no Concello de Ares, que faga unha proposta para instar ó goberno a que actúe, a parte de ser un tema militar, debe de entrar inmediatamente o Xulgado Togado Militar, pero tamén o Estado de Dereito neste país, debe de entrar directamente sen que nos lle instemos a nada, entrar de oficio para esclarecer o que estamos pedindo a través desta Moción, eso debería ser cosa do Ministro e darnos todo tipo de explicacións, eu creo que adolece algo en canto á exposición de motivos, porque aquí se fala de que morreron dúas persoas, pero se o accidente en lugar de producirse as tres ou catro da madrugada é as oito e medio cando entra todo o persoal estaríamos a falar dun número maior de vítimas nese accidente, e que según se desprende das informacións dos medios de comunicación houbo unha negligencia bastante considerable. O grupo Socialista noutro tipo de accidentes pediu todo tipo de responsabilidades independentemente de que fora responsabilidade directa ou indirecta, neste caso estamos a falar de directa por tratarse do Ministerio de Defensa, polo tanto a Ministra debería de dar explicacións e non enterarnos pola prensa, e decirnos que Defensa fixo desaparecer os informes onde constaban todo tipo de detalles incluso do porcentaxe de intoxicación que había no barco neses momentos. Na Moción debería poñerse eso, porque xa digo que se o accidente se produce as oito e media da mañá o dano ia ser moito máis considerable do que foi. Para evitar todo este tipo de negligencias se é que as houbo deberían saír as autoridades de defensa a explicar e o mesmo tempo haber porque se fixeron



desaparecer os informes do accidente, e eso é gravísimo, pedir responsabilidades a quen sexa, e que así os traballadores de persoal Civil de Defensa estemos máis seguros, e non aplicando o rexime militar que seguramente é verdade, este cabo aínda que rompeu a disciplina militar, hai que entedelo que el era o responsable en aquel momento de dar os informes, estaba en coñecimento os cargos superiores, e que morreron dous compañeiros del, e hai que poñer na situación do cabo Gago neses momentos, polo tanto aínda que incumplira coa normativa que el ten de militar é unha persoa, ten sangue quente, eran compañeiros e amigos, e creo que se nos houbera pasado a algún de nos faríamos o mesmo de denunciar, pensando no futuro do resto de compañeiros. Polo tanto lamentar que teñamos que instar o Ministerio de Defensa a que trate de depurar responsabilidades, porque entendo que isto debería de ser de oficio, nun Estado de Dereito democrático e cos anos que levamos isto era innecesarios que o Pleno da Corporación do Concello de Ares, inste o Goberno a que depure todas as responsabilidades e esclareza todo o acontecido na Fragata Extremadura.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, e como xa dixo na anterior intervención no referente as Mocións que está tamén era un pouco oportunista, e que ven con certo retraso, por parte do que ten responsabilidades neste caso o partido Socialista e o Ministerio de Defensa, e esta Moción foi presentada o día 24 e cando levamos con este tema dous anos, e como xa dixeran os anteriores portavoces que o que tiña responsabilidade e investigar era o Ministro de Defensa e non se tomaron, se se tomou algunha medida e isto se frenou un pouco foi polo movemento cidadan polo resto dos partidos políticos e pola intervención da nai na visita da Raiña que se entregou unha carta e os medios de comunicación fixeron eco de todo eso, e eso foi unha medida para que o Partido Socialista dera un paso ó frente. No Pleno de Ferrol se presentou unha Moción e foi apoiada por todos os grupos agás o Socialista que se abstuvo. E dicir tamén que ese mesmo día que a nai lle entregou a carta a Raiña todos os representantes políticos ali presentes aplaudiron excepto os do Partido Socialista, creo que eso é evidente e verdadeiro, e nos entendemos que nun Estado Democrático que unha persoa por dicir a verdade se lle quera corta a cabeza. E que nunhas Forzas Armadas modernas non é normal que pase isto, e non se lle cortou a cabeza debido á presión política e cidadana respecto a isto, senón o cabo Gago estaría entre reixas. Todos os estamos políticos deberíamos de loitar pola normalización deste colectivo como son as Forzas Armadas, e cortarlle a cabeza a un cabo que o máis baixo que hai porque son profesionais, por culpa dun accidente que poido traer maiores consecuencias no Arsenal Militar. Nos estamos de acordo na Moción, pero no primeiro punto entendo que non debemos instar a niguén, porque debería ser o Ministro de Defensa, a tomar as medidas oportunas para esclarecer os feitos, e en dous anos non se fixo nada.

O Sr Manuel Cendán, di que é unha saída máis cómoda, estar enfermo e non poder estar no servizo militar. Eso sería lamentable, si é así, os representantotes e partidos políticos, creo que pouco facemos a esta sociedade por mellorar e modernizar e vivir nun Estado de Dereito, como é a democracia neste país dende o ano 1978.



Intervén o Alcalde-Presidente, a cuestión neste punto, independentemente de que cada un o valore como efectivamente tenga por convinte se reduce únicamente á intención de que efectivamente este tema non se esqueza e que se esclareza o que acontece una fragata Extremadura. Evidentemente esto se pode enfocar de diferentes maneiras, nosoutros presentamos unha Moción ao Pleno, pero posiblemente sería máis oportuno facer unha Declaración Institucional. Dende esta perspectiva a min ninguíen me pode decir que fun a ningún lado a sacarme unha foto. Eu vín manifestacións ao Cabo Gago e vin xente que saben ao que van; eu son militante ao Partido Socialista e iso gracias a Deus non implica que me extraigan o cerebro, entón noutras organizacións xa sabemos o que pasa. Na miña hai liberdade. Hai tanta liberdade que a Moción a trae o Partido Socialista e lle pide ao Ministerio de Defensa, que é parte do goberno que detenta o Partido Socialista, pero quizais foi un erro, e temos que ir a unha Declaración Institucional, entón, evidentemente aquí non hai nada e dí o refrán pensa o ladrón que todos son da súa condición, aquí o que hai é un pai que se achega a un Concello e lóxicamente pide unha manifestación no Pleno desta natureza, posiblemente porque sabe que aquí se fai, porque o Partido Socialista non ía votar en contra e que ó mellor, si comeza Ares logo caen todos os Concellos. Porque efectivamente o que se presenta hai que consensuarlo, e o PSOE en Ferrol votou en contra porque o Bloque como sempre sobre o seu non quere nin introducir comas, e houbo unha proposta de consenso, o BNG mantivo a súa Moción e o PSOE non a votou. Eso pon de manifesto que algúns están máis interesados en que saian adiante as súas Mocions e non o contido das mesmas. E ao grupo socialista o único que lle importa é que se investigue o accidente da fragata Extremadura e como é o único que me importa retiramos todo o demáis. E ogallá sirva de modelo para que noutros Concellos se aproben Declaracións Institucionais desta natureza e non dar de comer o que un quere. Ferrol se ofreció unha trasacción e quen presentou a Moción dixo que non, entón aquí a diferenza vamos a aceptar todas as transaccións que se presentan. En consecuencia o máis razoable que se podía facer é retirar a Moción do PSOE e facer unha Declaración Institucional onde se diga que o Pleno da Corporación Municipal, poisa acorda instar á quen teña competencias na materia, Ministerio, Poder Xudicial, porque hai un Xuíz, e acordar instar a que se esclareza o accidente da fragata Extremadura.

Toma a palabra o representante do NAL, D. Luís Cendán, di que a mín me vale se quita o párrafo.

Intervén o Alcalde-Presidente, podemos facer unha Declaración Institucional, onde o Pleno de Ares acorda por unanimidade **“Pedir ou instar que se esclareza o accidente acontecido na fragata Extremadura o pasado mes de novembro do 2005 en todas as instancias competentes na materia e nada máis”**

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: Esa foi a petición que fixemos nós, Alcalde as acepta xa o sei, teño ollos e teños oídos de momento, non sei se me quedarán outras funcións fundamentais pero sei escoitar e ver de momento, e escoitar escoito moi ben ademais; nós efectivamente fixemos esa proposta con ánimo de chegar a consenso e non lle vou permitir unha cousa, que vostede deforme a realidade, sabe o que pedía a Moción do BNG, o que vamos aprobar hoxe aquí, bueno Alcalde llo



digo eu para que se informe e ó mellor non lle chega a información. Alcalde en todo este proceso a actuación do grupo socialista foi vergonzosa con nomes e apelidos, hai unha declaración que houbera sido importante neste proceso, á do Parlamento Galego, que foi vetada por Beatriz Sestayo, así de claro, eso o sei eu porque esta unha Comisión. Beatriz Sestayo recibía a Comisión por un lado e por outro lado vetaba un posicionamento no Parlamento Galego, non se pode andar xogando con estas cousas, a transacción era unha Alcalde, era só esta o que vamos aprobar hoxe aquí.

Intervén o Alcalde-Presidente: “No grupo Socialista de Ares trasnsixen esto, noutros non sei”.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: Alcalde mire, vostede hoxe pode transixir aquí porque a proposta que trae aquí no 1º punto é infumable, entón transixe porque se deu conta diso, como lle vamos aplaudir a Defensa, sí Alcalde, si Defensa é culpable.

Intervén o Alcalde-Presidente: non é infumable, para que haxa unanimidade, porque creo que se retira pero non é infumable porquer o Ministerio de Defensa fixo o que lle pediron, e a abogada do cabo Gago fixo valer o estado psíquico para que non se cumprira a pena, e Defensa lle deu a razón.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval, vamos ver Alcalde, se vostede chega aquí ao Pleno e desaparece o expediente, que fai, mo conta a mín, non, preguntará quen o levou ou tomará medidas contra o funcionario responsable, eso está sobreseído Alcalde, desapareceron os documentos, vostede non se quere dar de conta, e o lamento e que hai un problema fundamental nisto, hai unha actuación fraudulenta e antidemocrática nun asunto no que morreron dúas persoas, quen vai pagar por todo isto, e o expediente non reaparece.

Intervén o Alcalde-Presidente, pois hai que pedir que se investigue iso.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval, eu estou de acordo niso e vou votar a favor esta proposta.

Intervén o Alcalde-Presidente: O Ministerio de Defensa, se me permites Manolo, fixo o que pedíu a abogada que presentou un escrito, polo que polo estado psíquico do cabo non debía cumprir a pena se fixo un pertitaxe e se deu a razón á abogada.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: “Alcalde, non estou falando dun tema xurídico porque eu non teño a capacidade, vostede sí. Eu falo dun tema social e é evidente que a día de hoxe non apareceron esos documentos están desaparecidos e lle vou dicir unha cousa parece de moi mal gusto que diante dun tema desatas características, teñamos unha Ministra que as mulleres sempre son máis sensibles a algunhas cousas que os homes, e o digo con toda claridade e efectivamente que non tivera a sensibilidade para recibir aos familiares e que houbera que recurrir ao



que se recurreu e ter que aproveitar que viña a rainha ahí, verdade, pois para facer todo eso que eu penso que non foi ese detalle, e que foi naturalmente a presión social.

Pero a día de hoxe que nos teñamos que manifestar na rúa para que se pida que unha persoa que é testigo dunha actuación como coñecemos os datos, coñecemos a película toda, coñecemos a novela de desastrosa que é que o chaman por teléfono, que o militar responsable deso está na casa e da as ordes dende casa e isto é unha república bananera e perdoen a expresión, e aquí o que se pedíu de principio a fin é que se chegara ao final, e o Ministerio de Defensa non quere chegar ao final, Alcalde, pero eu non veño a xulgar ao Ministerio de defensa.

Intervén o Alcalde-Presidente: e propón aprobar entón unha Declaración Institucional, na que o Pleno da Corporación Municipal, acorda pedir que se esclareza o accidente acontecido na fragata Extremadura o pasado mes de decembro do 2005, que lle costou a vida a dous xóvenes que estaban a bordo, dese barco, e que queremos saber efectivamente por qué morreron e se hai responsabilidades, que se depuren.

Toma a palabra o voceiro do BNG, manifestando que ahí ia eu, no caso de que houbera responsabilidades que se depuren nos ámbitos nos que as houbera.

Intervén o Alcalde-Presidente: As haberá penais, administrativas, e de todo e que lle costou a vida a dous mozos que estaban neste barco e que se depuren as responsabilidades que houbera.

Toma a palabra o voceiro do P.P., Sr Manuel Cendán:” para aclarar, no Pleno de Ferrol sobre a Moción do BNG se tomaron dous acordos: o primeiro é O Pleno do Concello de Ferrol acorda instar ao Ministerio de Defensa a que se proceda á realización dunha investigación seria e rigurosa que esclareza as causas do accidente da fragata Extremadura; o segundo, O Pleno do Concello de Ferrol acorda instar ao Ministerio de defensa á retirada do expediente disciplinario aberto contra o cabo Jorge Miguel Gago Chao, despois.

Mañá fala un golpista de que hai que dar un golpe de Estado e aquí o Ministerio de Defensa abre un expediente, e resulta que o Ministerio de Defensa vai en contra da liberdade de expresión dun golpista. Esas normas se aprobaron polos anos 80, incitada polos golpistas desa época, se lle aplica un réxime restrictivo en materia de liberdade de expresión pero que estaba pensado para postura involucionistas pero o que pasa é que este home fala sen autorización do seu superior, e o empaquetan porque a norma non discrimina pero esa norma foi necesaria para evitar en momentos moi complicados que no Alcazar os militares pediran golpes de Estado e eso o coñece vostede e eu.

Toma a palabra o voceiro do BNG, “Alcalde estamos eu penso que misturando eu lle fago unha pregunta de todo corazón, se non estiveramos na situación actual e se a vostede lle propuxeran esa Moción con eses dous acordos, vostede dende o punto de vista de persoa e de representante do concello sabendo o que sabe, houbera pedido que se retirase o expediente. Resposta o Sr. Alcalde: O segundo punto sí.



Toma a palabra o voceiro do BNG, “Sí por qué?”

Intervén o Alcalde-Presidente: Porque se está sancionando ao coronel Mena por unhas declaracións e a liberdade de expresión é o que é, punto.

Toma a palabra o voceiro do BNG, “O cabo Gago fai unhas declaracións e hai unha cousa que é a liberdade de expresión que se supón que está por riba das normas militares, o cabo Gago foi a declarar e dixo o que acababa de decir, só faltaría taparlles aboca aos militares.

Intervén o Alcalde-Presidente e di que eu só digo de que vostede estivo encantado ao igual ca mín, porque a algúns militares os catigaran por decir o que pensaban, como vostede sabe.

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Pero eso non ten que ver co cabo Gago, por favor, que acabemos falando deso ao mellor ese é o problema. Alcalde temos unha boa ocasión de falar dos límites de expresión nos exércitos que non son os da etapa franquista, e entón porque quita vostede o do coronel Mena.

Porque polo mesmo poderíamos falar da liberdade de expresión do coronel Mena.

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Pero a que ven iso.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “É a razón pola que non votaría o 2º punto. ¿Aprobamos a declaración institucional?”,

Sometida a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a Declaración Institucional que seguidamente se transcribe:

O Pleno da Corporación insta a que se esclareza o accidente acontecido na fragata Extremadura o pasado mes de novembro do 2005 e que lle custou a vida a dos mozos a bordo dese barco e que se depuren se as hai, as responsabilidades correspondentes.

Acto seguinte e antes de pasar a punto de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde preguntase ós Portavoces se teñen algunha moción pola vía de urxencia:

Intervén o voceiro do BNG, Sr Rodriguez Doval: “sí, nós temos unha. E si se me permite vou dar lectura á mesma:

MOCION AO PLENO DO CONCELLO DE ARES, QUE SE PRESENTA POLA VÍA DE URXENCIA AO PLENO ORDINARIO DO 30-10-08.

En varias ocasións, tanto desde o Grupo Municipal do BNG como por parte doutros, se ten demandado do Alcalde unha actitude de maior respecto institucional e comportamento democrático a respecto do conxunto dos grupos que compoñemos a



corporación; nomeadamente no tocante ás visitas institucionais que se realizan ao noso Concello e, máis en concreto, ao convinte aos mesmos ao conxunto dos grupos que formamos parte da Corporación.

Esta demanda –que figura recollida mesmo en diversas actas plenarios- está subsentada non só na consideración á pluralidade que conforma o conxunto da corporación, senón tamén no necesario respecto ás normas exclusivamente do grupo de goberno coas persoas representantes doutras institucións ou organismos que visitan oficialmente o concello de Ares.

A pesar desta reiterada petición, o certo é que por parte da Alcaldía continúase cunha práctica de falta de consideración ao conxunto da corporación, que tivo o seu enésimo capítulo na visita oficial da Conselleira de Política Territorial, M^a Xosé Caride, realizada o pasado Martes día 28 para proceder á inauguración das instalacións náuticas levadas a cabo nas instalacións portuarias de Ares. Visita da que tivemos información polos medios de comunicación do mesmo día e nos do día seguinte; e á que tampouco fomos convidados.

Neste sendito é, á vista da necesidade de normalizar esta situación, desde o Grupo Municipal do BNG propomos ao Pleno do Concello de Ares a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao Alcalde de Ares a que, para o caso de visitas institucionais que se realicen ao noso concello por representantes institucionais, se proceda ao convite oficial ao conxunto dos membros que formamos parte da Corporación.

Intervén o Alcalde-Presidente: “si se me permite contestar porque isto ía nunha das preguntas do Pleno pasado e como me tiven que ausentar quedaba para este Pleno.

Cando hai unha visita institucional o gabinete correspondente xira un programa, cando ese programa dí que estén todos, esta Alcaldía invita a todos, cando ese programa dí que efectivamente que non hai máis que unha reunión privada co Alcalde ou grupo de gobernó, evidentemente quenes marcan os programas das visitas son os gabinetes, algunhas cousas as negocian con nós, pero os obxetivos son os que se marcan. Eu o que podo facer é pedirlle ao gabinete que inclúa un acto institucional de xuntanza con todos os grupos, pero o gabinete oportuno o aceptará se quere, porque a consellería que eu sepa se reúne con quen considera efectivamente moitas veces oportuno. E aquí viñeron conselleiros que quixeron reunirse con todos e se fixo así porque o seu programa encerraba estes encontros. E outros programas dín encontro privado co Alcalde, e onte o vimos, o martes o vimos, veu a Conselleira de Política Territorial, visita privada co Alcalde saíron ata os concelleiros socialistas, ela chegou e no seu programa viña reunión privada co Alcalde e se reuniu co Alcalde e o seu xefe de gabinete, os meus concelleiros non entraron, ía no programa. Eu fronte a isto qué fago.



Eu podo sugerir como contido dos programas que envían os que visitan con carácter institucional este Concello, pois un encontro con toda a corporación e o gabinete dirá sí ou non. O martes foi taxante, reunión privada e non entraron nin os concelleiros socialistas. Todos os que estades nesta dinámica sabedes que os gabinetes remiten o programa que é o protocolo deles, se inclúen invitación a todos, eu os invitarei, e se dí outra cousa, eu fago o que me mandan que para eso quero que veñan. Agora nos podemos comprometer a que dende a Alcaldía ante calquera programa se propoña que haxa un encontro con toda a Corporación e logo o gabinete oportuno dirá sí ou non. Eso sí se pode facer. Agora o Pleno do Concello, insta ao Alcalde de Ares, para no caso de visitas institucionais ao noso Concello se proceda a indicar ao gabinete correspondente a conveniencia de facer unha xuntanza co conxunto dos membros e senón, quen son eu para facer un convite oficial se non mo indican, e eu que vou facer se o outro día nin invitaron aos meus concelleiros, e sabedes que é así hai xente que esixe estar con todos, outros co Alcalde e outros non din nada, se dan unha volta polo Concello, como fixo a Delegada de medio Rural e non foi pola Alcaldía, e tamén paseou polo Concello o delegado de Vivenda e non veu a ver ao Alcalde, e hai que contar co que queiran eles e fan ben en se non queren non ver ao Alcalde. Hai que contar co programa que eles xiran e que polo xeral sempre se respeta, porque como ven non ten sentido invitar nuns casos sí e neutros non. Non é aleatorio. Obedece ao programa, que por certo se fixeron reunións cos grupos e hai uns grupos que aparecen sempre, outros non, e outros cando queren, nin avisaron que non viñan. Eu teño estado abaixo cun cargo institucional, estar o PP e estar esperando a ver si veñen os demais, como non sabemos que non veñen pois subimos. Ten acontecido de todo. Sí, que se poda aceptar que nós sempre instemos a que haxa reunión con todos como proposta municipal se aceptará ao non.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Non é bon misturar unhas cousas con outras, vostede sabe ao que nos estamos a referir, e eu vin conselleiros e cargos das administracións que veñen a Ares actos políticos e nunca lle vou pedir aos seus partidos que se teñan que reunir cos grupos políticos. O que estamos falando Alcalde e que cando ven a un acto un representante do partido que sexa a un acto do seu partido pode facer o que queira.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Entón un acto político é pasear polo Porto co delegado de Vivenda vendo os danos producidos por unhas obras nuns balcóns”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Perdón, os actos que organiza un partido político coas súas persoas eso non me metín nunca estamos nunha democracia e os partidos funcionan e fan ás súas charlas, e unha visita institucional é outra cousa. Coincido con vostede en que algunhas consellerías impoñen que cando hai unha visita desta natureza se invite aos grupos, e pode decir que consellerías o fan, as do BNG. O impoñen onde goberna o BNG, o impoñen en Sada, San Sadurniño, en Mugardos, e ten que ser así porque hoxe estamos e mañá non. Entón nesa liña eu alégrome de que haxa consellerías que o fagan así, pero non estamos falando da visita da conselleira do outro día, que me enreda vostede outra vez o tema. Se vostede como Alcalde, supoñamos que no protocolo que ten a consellería de política territorial non contemple unha reunión cos grupos políticos e vostede lles dí que ten interese en que estén todos, e non teña vostede dúbida que o apuntan ao momento, independentemente de que se poida



reunir con vostede antes ou despois porque vostede o outro día non estivo na reunión, e estaban logo todos tomando café e na inauguración. Que se faga unha reunión dunhas instalacións portuarias que se comezaron a parir nos anos 70, so raro, eu lle digo unha cousa si eu fora Alcalde, e queí no ano 1989 estivo Cuiña e houbo unha reunión cos demais grupos en Ares e se convidou a todos. E manteñamos a Moción como está porque é calara, porque está na vontade do Alcalde que se garante ou non a asistencia dos grupos, vostede suxire se ten interese, e vostede nalgunhas cousas non ten interese de que esteamos non. Alcalde, e cando veu Fernandez Moreda a inaugurar o Campo de Herba Artificial tivemos que andar abrindo camiño, non fumos convidamos e sei cómo funciona o protocolo de Deputación. E vostede é responsable das invitacións do Concello.

Como cando se inauguraron as instalacións portuarias. Non me convidou 1000 veces a nada; é a primeiro acto institucional con presenza dalgún membro de calquera goberno que vostede me invita e que non veño. Senón dígame cando. Dígame.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Xa mirarei porque non me acordo. Xa veu tanta xente. E temos a sorte de que veu todo o goberno, menos o vicepresidente Quintana.”

Intervén o Voceiro do BNG: “Eso é mentira, a ningún acto institucional eu deneguei estar, a comidas xa é outro tema é unha decisión persoal, pero estar ahí é un deber meu e eu non teño porque andar abrindo camiño nun protocolo. Hai actos nos que non interesa que estemos.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Eu lle podo suxerir aos gabinetes que conviden aos grupos. Me estás dicindo que invite e eu non teño por qué invitar.

Te digo que na de Política Territorial, xa lle dixen que estivemos sós.”

Intervén o Voceiro do BNG: “Mira qué contenta estaba a de Pesca.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Porque a de Pesca esixiu estar todos, e eu fago o que me piden. Pesca me dixu que estén todos.”

Intervén o Voceiro do BNG: “Esta Moción se trata de que para as futuras que veña, que estemos todos.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Eu estou ofrecendo iso.”

Intervén o Voceiro do BNG: “Pois aprobemos a Moción.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Aprobemos a Moción non, eu sei leer, e que se insta ao Alcalde de Ares a que para o caso de visitas insituacionais que se realicen no noso Concello por representantes institucionais se proceda ao convite oficial ao conxunto dos membros que formamos parte da corporación, non, porque eu non son quen de invitar. O que ten que poñer é que se insta ao Alcalde para que en todas as visitas institucionais que se realicen ao noso Concello dende a Alcaldía se inste ou suxera que haxa unha recepción para o conxunto da corporación, agora que eu proceda ao convite oficial, por favor, non o podo facer, por normas mínimas de protocolo.”

Intervén o Voceiro do BNG: “Alcalde partimos da base de que vostede ten aclarado o primeiro apartado, eu non lle pido que me invite cando non quere a Conselleira de turno e vostede me dirá veu o Conselleiro de X, de Medio Rural e non quixo que asista. Vostede me dí iso pero como non é o caso e iso non se vai dar nunca, parto da base de que o principal é solventar o problema.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Eu lle ofrezco a fórmula, e que é que na Moción se recolla que dende a Alcaldía se pida un encontro coa corporación. Pero de ahí a que se proceda ao convite oficial, por favor. Podo suxerir sempre que se teña unha reunión.”



Intervén o Voceiro do BNG: “Non van decir que non, Alcalde. Cendán ao mellor nos aclara.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Cando veu o Conselleiro de Medio Ambiente se producíu unha situación moi violenta e lle preguntan os periodistas o que lle convén e lles votou un chorro aos do BNG polo Plan acuícola. “

Intervén o Voceiro do BNG: “E eu me tería que aguantar”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Como saben o que teñen que decir fan un programa. Eu lle poño exemplos”

Intervén o Voceiro do P.P.”teño experiencia neste e cando os políticos cos cargos, veñen a Ares ou a outros Concellos lles fan preguntas de actualidade, e nós íamos facer esta pregunta en rogos e preguntas. Hai que diferenciar dous clases de visitas. Unha clase de visita ven negociar algo e que hai que discutor co Alcalde e non abrillo aos grupos políticos. Pero logo como é este caso preciso, a inauguración con placa dunhas actuacións náutico-deportiva, creo que é lamentable que unha obra que eél non contratou, que foi o goberno de Fraga quen contratou, e non invitar aos grupos políticos que temos o dereito e o deber de participar porque é unha inauguración e a eses actos debemos asistire non hai ningún Conselleiro que nos prohiba a inauguración dunha obra no nosos Concello. É un dereito que temos, unha instalación no noso concello e somos os representantes do pobo, e é un acto institucional. Eso o Quero deixar claro. Non hai ninguén que nos poda prohibir asistir a un acto institucional e nos coarten a visita aos grupos políticos. Outra cousa é unha proposta que nos ven a plantexar ao Concllo un conselleiro e só quere verse co Alcalde, e a cousa se lía máis, pois eso o entendo, pero neste caso a Conselleira veu as dependencias náuticas ade Ares a poñer unha placa e polo que vin nios medios de comunicación que asinou no libro do Concello, e alí como mínimo tiña que estar o Alcalde, e os voceiros dos grupos, como mínimo. Cando se asina no libro están os voceiros dos grupos Co Alcalde, representando á corporación. Non ten que decir nada a Conselleira e entra no protocolo, e con un pouco de experiencia o saben. Queda claro e que lle guste ou non cando sexa un evento deste tipo tiñamos que estar toda a corporación. Te podó decir, e o voceiro doBNG o sabe, eu estiven na deputación e eu de calquer evento da Deputación estivera gobernando ou non, con carta certificada nos pasaban as invitacións ou por SEUR, e é o caso dos eventos da Deputación, que é o mesmo protocolo, que somos invitados todos os Diputados a todos os actos. O temos claro, Manolo o sabe. Inauguracións de piscinas, prazas, etc, están todos os Diputados invitados e creo que non debemos pasar por estas porque en todo caso, neste caso, a persoa que máis me afectou foi a mín, fun un artífice do Clube Náutico de estar enriba da ampliación dese clube e os atraques, quedou contratada un mes antes das eleccións autonómicas e a mín, me gustaría estar alí, por ser artífice desa petición e deberíamos estar todos os grupos, e que quede claro que debemos estar todos.

Intervén o voceiro do NAL:”A miña intervención vai ser no sentido de que o dixeron os demais voceiros, pero eu de protocolo non entendo moito, pero con lóxica, si ven, como se desprende dos medios de comunicación, ven en visita institucional, e asina no libro a Institución somos os concelleiros. Imponga ou non a concelleira. Por respecto á institución a Conselleira que cobre do erario público e se quere respetar e ven en visita institucional deben estar presentes e así o marca a lei. Temos o dereito de ir. Todos os actos onde representes ao Concello, temos o dereito de ir os Concelleiros. O dí



o ROF. Onde esté representado o Alcalde, en todos os actos institucionais teñen que estar os concelleiros, eso o dí a lei. Sen entrar na controversia do que dís, que te creo que as veces o protocolo xa determina cómo son os actos e eso eu o vivín, cunha inauguración onde se nos invitou aos concelleiros e eu non fun á comida. A inauguración do Porto, me neguei a ir. Cómo non van estar os Concelleiros de Ares nunha inauguración tan importante e eu me neguei a ir á comida. Por tanto creo que temos que facer algo de forza neste sentido e simplemente por respecto á institución. Tú nos representas e onde estás ti estamos os Concelleiros. O marca a Lei e a Lóxica, se esa señora ven aquí, sexa do partido que sexa ten que levar implícito que estemos os concelleiros e mínimo os voceiros, non se fala de voceiros, se fala de concelleiros e temos que estar en todos os actos institucionais nos que esté representando o Alcalde. Non entendo de protocolo pero simplemente a lóxica, a visita da Conselleira tíñamos que ser invitados, o marca a Lei e temos o dereito de ir. O dí o ROF, polo tanto Alcalde independentemente do protocolo, vostede en defensa da corporación oia non me poña cortapisas e eu teño que invitar aos Concelleiros e se non levalo ao Parlamento Galego e decirlles que os Concelleiros cando se desplacen aos Concellos teñen o deber de; na túa casa mandas ti, non a Conselleira, me entiendes? Eu o entendo, pero eso debía ser obligatorio logo cada un acude se quere ou non. Ti representas a Ares e eu teño a obriga de ir, como concelleiro, porque a lei nos obriga. É un exemplo, eu como Alcalde non llo admitiría, non é con ánimo de polemizar e no futuro con independencia de que nos guste, poise u o último acto do concello non puden aistir por motivos laborais e non se me pode achacar que non se me aludíu, co tema da placa do barco me dixestes que íades facer un acto e tento ir. Todas as invitacións que cursastes eu asistín.

Intervén o Alcalde-Presidente: “dende a Alcaldía efectivamente hai que xirar sempre que no protocolo se incluía unha reunión cos demais grupos, me queda claro. Se ata o de agora non se fixo nunca discutimos nada”

Intervén o voceiro do P.P. Concelleiro Sr Manuel Cendán: “Non se trata de intervir e debater coa Conselleira, é só estar presentes nos actos institucionais”

Intervén o Alcalde-Presidente: “que quede claro que era unha cousa tan sinxela cómo quen a incluía se facía, e dende o concello non se lles decía que ncluire nada, se no programa nos vía ninguén decía oe, que se faga; pero cando viña se fixo sempre. Cando viña se fixo, entón, queda claro que o Concello ten que efectivamente, nas visitas institucionais, pois proceder como aquí se está dicindo. Nese sentido me parece razoable e xusto, se queredes votamos a moción ou como diga o voceiro do BNG.

O Sr. Rodríguez Doval di que creo que non se trata de facer masoquismo e unha vez que debatiomos votamos, e non ten por qué quedar como unha moción redactada así.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Vostede sempre o seu ata a morte.”

Intervén o Voceiro do BNG: “vamos ver este debate está aquí porque dpresentamos unha Moción, sempre o problema son as mocións do BNG, “



O Sr Alcalde-Presidente: “Ile estou dicindo que eu aos convites oficiais non o podoo convidar”

Intervén o Voceiro do BNG: ”o acaban de explicar moi ben Manuel e Luís Cendán, a función que ten que asumir o Alcalde, é o que queremos reflectir na moción. Votémola e listo. Supoño que o problema non é que a moción é do BNG.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O problema é o que ten escrito.”

Toma a palabra o Voceiro do BNG: “Cómo vou presentar unha moción sen escribir.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pode escribir moitas cousas. Eu non fixen xuízos de valor de ninguén fago unha proposta, que creo que está moi clara.”

Intervén o voceiro do PP: “Julio, te entendo pero o acordo é claro.”

O SR. Alcalde-Presidente: “O acordo é claro, é que dende a Alcaldía se inste a que haxa ese encontro e si o Conselleiro dí que non eu non podoo convidar, e eu non vou suspender a visita porque eu non podoo”

Toma a palabra o voceiro do PP Sr Manuel Cendán: “Ti terás que notificarlle ese acordo aos voceiros, que eu lle dixen eso e lle dixen que non. O meu grupo é maioritario no Parlamento, e se alguen se nega a recibir aos grupos, o poñerán colorado ou colorada nas comparencias.”

O Sr. Alcalde-Presidente: “Visitas institucionais son todas, moitas veces a oposición non pode estar diante de que a oposición non pode estar diante e a Moción do BNG non distingue iso.”

Eso o entende o BNG tamén.

Se o entende que o poña aquí.

O Sr. Rodríguez Doval di: Alcalde o único que non o entende é vostede. A qué me referín eu. Estamos nunha corporación do ano 2008, con persoas maiores e sensatas. Pois demos unha proba de que somos capaces Alcalde. Eso sobra. Ti nunca queres modificar nada.

O Sr. Alcalde manifesta: eu te estou dicindo que o PSOE iso non o vota, que está poniendo unha alternativa.

Que non se dirá que nós non fixemos un esforzo, non podemos mover nada porque estamos pedindo iso, qué son visitas institucionais, inauguracións.

O Sr. Rodríguez Doval manifesta que xa está vostede matizando, e simplemente para non votar a moción do BNG. Eu sei Manuel e Luís Cendán saben o que é unha visita institucional e si vostede non sabe se llo explico cando saíamos de aquí, e votemos



Esto ao único ao que vai conducir e que efectivamente logo sexan todas as visitas institucionais, e teñamos que discutir qué é visita institucional e qué non. Inauguracións efectivamente, visitas...qué máis”

Hai outra cousa, presentación de proxectos, tamén son visitas institucionais, que veñan presentar proxectos a executar en Ares e temos que estar todos. Nón só inauguracións. Poñer paneis tamén e temos dereito á información. Agora unha discusión, debate coa consellería, como pode ser por exemplo.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Agora mesmo está o Delegado de Medio Ambiente para ver qué árbores se podan en Santa Catalina.”

Intervén o voceiro do P.P. Sr Manuel Cendán:”Te vou poñer un exemplo.”

Toma a palabra voceiro do BNG Sr Rodríguez Doval: “ Esto non é Barrio Sésamo.”

Intervén o voceiro do P.P. Sr Manuel Cendán Hai actuacións como poden ser negociacións como puido ser co trazado da autovía; o proxecto o fixo Proyfe, e Mugardos, nos quixo meter o vial en Ares e tivemos unha discusión co Conselleiro e os Técnicos diante e eles decían que claro que querían que afectara máis a Ares e se buscou a solución e a esa discusión non van ir os concelleiros. Eso non.

O Alcalde-Presidente manifesta que: ”Si parece razoable, facemos o seguinte, ven a visita e se lles dí que nos reunamos con todos e cando remate a visita pois remata e se hai que falar de algo se queda connigo e se fala. Así é moito mellor e non distinguimos se son visitas de traballo, institucionais ou o que sexa. Ven a visita e se dí, que reciba a todos. E logo podemos departir us minutos. Unha cousa non quita outra e logo se ten que falar algo connigo, está co Alcalde a soas. Efectivamente podían vir a visitar aso compañeiros do seu mesmo grupo político e máis ensato así, instar a todos a que se teña unha xuntanza con todos e logo si é preciso que haxa unha reunión de traballo, e san se acabou. A mín é o único que se me ocorre para logo non ter líos de qué é unha visita institucional así que como regra xeral efectivamente, se queren ter unha reunión cos grupos a ten e logo se traballamos, traballamos, nese sentido non se me ocorre outra cousa.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: ”Penso que esa situación nos leva ao absurdo.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Que vou discutir co Conselleiro diante de ti.”

Toma a palabra o voceiro do BNG:”Hai cousas que vostede ten que discutir co conselleiro de Támite que non teño que estar rpresente eu. Creo que se explicou o que entendemos todos por acto institucional. Eu defendo o dereito que ten vostede, só fallaría, a ter trámites coas autoridades que correspondan, e eso é unha reunión de traballo e non un acto institucional. Alcalde, porque todos sabemos. Eu nunca lle votei en cara que Moreda veu catro veces a aquí, e se inaugura ou presenta un proxecto pois xa se sabe.”



Intervén o Alcalde-Presidente: “Pois queda na acta ben explicado; inauguracións, presentacións de proxectos, clarísimo.”

Toma a palabra o voceiro do BNG:”A nós válenos.Hai que declarar a Moción de Urgencia e logo votala.”

Rematado o debate sometese a votación urxencia da Moción e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (2 B.N.G., 4 P.P. e 1 NAL) E 5 abstencións (5 PSOE), acorda prestar a súa aprobación á urxencia.

Acto seguinte sometese a votación a Moción a votar a con esas matizacións que quedan recollidas na acta e que por visitas institucionais se entenderán por tales as de inauguracións, presentación de proxectos, e as que pola teñan pola solemnidade ese carácter. O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde manifesta que houbo unha serie de preguntas no anterior Pleno Ordinario que quedaron sen responder e vai a dar resposta agora:

A estrada de Redes a Franza para que se faga unha dirección única dicir que ten que miralo o Concelleiro responsable, pero non hai problema ningún.

As licencias municipais da Galescola e do Centro de Día, nos formamos parte do Consorcio por tanto son obras nosas, polo tanto autorizamos os proxectos, non nos pedimos licencia a nosoutros mesmos, quen está obrando alí e unha sociedade da que nos somos socios, entón o Consorcio, so esixe que eses proxecto esten aprobados pola Comisión de Goberno. Nos na Comisión de Goberno aprobamos tanto o proxecto do Centro de Día como o da Galescola, que pasa que dalgún so o temos en CD.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que ten que ter licencia municipal, e esta hai o Secretario que o confirme, nos tivemos aquí a obra do Casa do Concello, e tivemos que darlle licencia e levalo ó Pleno, eu xa non quisen polemizar pero hai que volvelo a levar a Comisión pois falla o informe do Secretario da Licencia e o informe do Aparellador, o único que fixeron os técnicos foi informar a parcela pero non o proxecto, hai que volvelo a facer esta mal, aparte que se empezaron as obras sen acta de replanteo, eso ten que vir a Pleno, estamos a tempo de reconducir o asunto e facer as cousas ben, que se informe e pase á Comisión Informativa.

O Sr Secretario resposta o Sr. Manuel Cendán Fernández, e di que a Casa do Concello non foi a Pleno, que foi a Xunta de Goberno, e cando estamos diante dunha obra municipal a aprobación do proxecto leva implícita a licencia municipal.



O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que empezaron as obras, non vai ser necesario paralas, pero poñer as cousas ben non costa nada, simplemente informar os proxectos.

O Sr. Alcalde resposta con referencia ó Parque Eólico de Ares, que se concederon tres mega-watios e se solicitou unha ampliación do proxecto, de momento esta o tema sen resolver, se concederan tres e agora se pediron quince, e non e o mesmo ter tres que quince, varias empresas que viñeron aquí se votaron atrás porque a liña de evacuación é moi costosa.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que en este tema se se pelou hai tempo e dicir que FENOSA está obrigado a traer o cableado para hai.

O Sr. Alcalde, resposta que a liña de evacuación é responsabilidade da empresa concesionaria, e é moi costosa e con tres mega-watios non lles interesa.

En relación o tema das visitas institucionais xa esta. O de FEORSA están esixindo os técnicos a garantía, e con respecto o que esta mal feito xa hai un informe e se lles vaía a esixir a subsanación.

O camión da basura, dicir que Celta-Prix di que hai que dar de baixa un camión que é de titularidade municipal, vamos a ver o camión e efectivamente ese camión non valía para nada, porque tiña moitos anos de uso, dalo de baixa é un acto de trámite, estarlle pagando un seguro a ese camión é tirar o diñeiro, que porque estaba ese Camión noutro sitio, pois efectivamente é mellor o que hai aquí, non me extrañou nada máis porque ese Camión non estaba en condicións e aquí había outro moito mellor. O estado do camión non era bo, eu fixen o que aconselleu o Alfonso o Técnico Municipal, quen presentou un informe de que ese camión non valia para nada polo que o demos de baixa.

O do tema da páxina web, se lle resposta por escrito, dada a súa preocupación constante e permanente por este tema, prefiro darlle todas as garantías e respostarlle por escrito. Lle sae unha carta explicando o que vostede pediu.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, ten dous temas dos contenedores, que houbo un no Porto, que saiu nos medios de comunicación, que a situación é lamentable e creo que hai en frente hai unha casa vella que van tirar para construír, e se podía poñer ali e así evitar que un Concello turístico teña que sair nos medios de comunicación por un tema destes.

Co outro que xa falamos era co tema dos do Lago, nos xa habíamos falado dun que se colocou na rampa con baldosa de botóns de cor vermello que é especial para invidentes, puxechedes un contenedor amarelo e agora se puxo o verde na calzada, se puxo en posición contraria o resto dos contenedores que hai na rúa, cando enfrente a dez metros hai unha bodega abandonada, este se puxo no sitio máis estreito e na calzada,



con que leva que temos un alumado de baixa tensión, e se ven un coche despistado se empotra co contenedor, eu non é por ánimo de polemizar co tema do contenedor, esos dos contenedores hai que cambialos, non é armar o lio por armar, eu se se vai alí me brindo a ir co responsable para amañar o asunto.

Con respecto as obras da praza da Igrexa, dicir que temos queixas que nos viñeron a nos de que na parte de atrás se apoza a auga, e se mete nun garaxe na parte lateral esquerda da Igrexa, polo sería bo mandar os técnicos para que revisen haber se se pode solucionar e non nos queda o problema a nos.

Esta pregunta a vou adicar a Paco, que cando eu era Alcalde sempre me traía unha batería de preguntas de Redes, e lle quedou unha que nunca a fixo, que é na Rúa da Ribera está sen os rótulos.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen di que con respecto ó da páxina web, que era un dos temas que tiña, se se lle vai a responder por escrito, vou a ser respetuoso con esa resposta, pero mentres non se me resposta o que si lle regoría que non se seguira utilizando a web como si fora unha sucursal do Partido Socialista, algunhas notas e a forma en que se redactan non pode ser que saian dunha páxina web, leolle por exemplo “o Goberno de Ares afirma que se algún grupo se está a comportar de forma insolidaria cos cidadáns do Municipio é o grupo do BNG”, os responsables do PSOE, o PSOE que resposte na páxina do PSOE non na do Concello, porque se o PSOE resposta na páxina do Concello eu pregunto na páxina do Concello e esa posibilidade todavía non me a deron, rogaría que as notas que fagan son cousas que fai o Concello, non das guerras, hai outros ámbitos para esas guerras, e en todo caso se da, pode dala vostede contestando e deme a oportunidade a dala a mín preguntado. Vde. Ten que gardar as formas e non converter a web no que se esta a converter.

Outra pregunta, e se sabemos algo do compromiso Plenario de empezar a redactar un proxecto de actuación na rede viaria, que despois se levaría a Comisión para marcar as prioridades de actuación.

Resposta o Sr. Alcalde, que se está facendo.

O Sr. Rodríguez Doval, pregunta si se sabe máis ou menos alguna data en que pode estar.

A respecto da planificación das obras, a semana pasada estiveron traballando dous operarios durante un día, dous días, na colocación dunhos soportes para os contenedores, nas Vivendas Cortiñas Gil, alí se empleou cantidade de traballo, man de obra e material, e a miña sorpresa é que cando viña hoxe para este Pleno estaba todo retirado de alí, as veces hai cousas que non se poden facer, pero nun período de quince días tiñamos que perder traballo ou esforzo nunha cousa que tiñamos que retirar, non sei por que razón.



O Sr. Alcalde, resposta que apareceu un tubo e houbo que retiralo.

O Sr. Rodríguez Doval, di que como en Ares hai tantos tubos, antes tiñamos a ventaxa que estaba Pepe, que sabía por onde estaban os tubos, haber se atopamos outro Pepe que sabía por onde andan os tubos, porque despois as cousas e perdonese me a expresión se perden por un tubo.

O tema de Prados Vellos, quería traer este tema aquí que non tiven información nin a través da web, nin por outro lado, vin que hai unha resolución do mes de setembro, que contrata unha obra a través dunha Resolución que nos concedeu a Dirección Xeral para o Deporte, alegrome que finalmente esa obra se fixera, ademais de comprometerme a que se fixera, e de denunciar que o presuposto era moi escaso, quero alegrarme de que tiñamos esa achega, que ademais esta publicada no Diario Oficial de Galicia que son exactamente dez mil euros, para este ano e catorce mil euros para o ano que ven o que sumaría un total de investimento de vinte e catro mil euros, e ademais acordome a que veña publicado isto porque veñen as cifras de todos os Concellos, e que as veces se di que se lle dá máis os Concellos do BNG, e xusto enriba de nos esta o Concello de Melide que ten algo máis de habitantes que o Concello de Ares, e se lle dan xusto catro mil euros menos que a nos, en todo caso alegrarme e pedir haber como sincronizamos eso, que hai outra achega da Deputación de A Coruña, e supoño que se pode sincronizar ben ese tema.

E despois do tema do cumprimento da Moción que se aprobou no anterior pleno sobre as obras do CPI de Ares, xa nos dixo o Sr. Alcalde na última Xunta de Voceiros que este tema se ía abordar, tal e como pedimos nos no escrito, onde decidamos que ou ben na xunta de voceiros, ou na Comisión correspondente que é a que leva Ensino, tamen agradecería que mentres tanto non se aborde este tema, hai que ter bastante delicadeza, co tratamento que se lle dá as cousas, se a Moción esta aprobada por maioría da Corporación o que hai que facer é executala, o que non se pode facer e o fio da aprobación establecer unha guerra sobre supostas coherencias e incoherencias que non ben ó caso, aquí se debate o que se debate e se toma os acordos, e despois o único que quería dicir e unha cousa, que teño aquí unha folla do proxecto de ornamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2009, e o proxecto di textualmente "Construción dun novo CIP en Ares", quería lembrarlle a ó Alcalde que o temos actualmente en Ares non é un CIP senón que é un CPI, son cousas distintas, e o mellor en función desto algúns nos equivocamos nas cousas que se dixemos, que é máis que un CPI.

O Sr. Alcalde di que a ver que di cando fagan un novo Edificio de Infantil, que foi o que defendimos nos.

Interven o Sr. Luis Cendán quen por curiosidade, como se aludeu aquí as horas extraordinarias do Persoal do Concello, no extracto que se me dá a mín do rexistro xeral de entrada, nunca vin unha denuncia da Consellería de Traballo por uso das horas extraordinarias, preguntar se ven algunha denuncia ou advertencia pola Consellería de Traballo.



O Sr. Alcalde, resposta que se cotiza regulamentariamente por elas.

O Sr. Luis Cendán Fernández, formula o rogo, de que unha vez que se regularice a circulación na Praza da Igrexa, no tramo que vai a Rúa San Andrés, se fixeron ali os xardins, e unha pena non reducir un pouco os bordillos e se pode poñer de dobre dirección.

O Sr. Alcalde-Presidente, resposta que con respecto a Dirección Xeral para o Deporte me levou o seu tempo pero efectivamente podo leela, se me permite, porque nese sentido é moi interesane o que sucede coa Dirección Xeral para o Deporte, e como efectivamente trata os Concellos de Galicia, “ A Dirección Xeral para o Deporte repartira dentro da convocatoria de 2008, en calidade de subvencións a Concellos para equipamentos e infraestructuras deportivas un total de tres millóns de euros, parte dos cales repartiranse en varias anualidades, desta partida final, un millón e medio, un 48,31% ira para Concellos con Alcalde Nacionalista, además do que o BNG como se demostra nas cifras anteriormente expostas, resulta claramente beneficiado, hai que ter en conta que os Nacionalista dos 315 Concellos de Galicia únicamente gobernan en 32, e dicir no 10%, esta circunstancia sinala máis o partidismo polo que presuntamente se move esta Dirección Xeral a hora de conceder as subvencións. Neste mesmo contexto hai que destacar que se sumamos os Concellos beneficiados con axudas no ano 2007, e os que foron nesta convocatoria, nos sae que 31 municipios do BNG, teñen ou tiveron subvencións deste Departamento dependente da Consellería de Cultura e Deportes. Se os Concellos gobernados polo BNG supón o 10,15% dos que existen en Galicia, o porcentaxe se eleva ó 22% se temos en conta que son en 2008 son 118 os Concellos beneficiados, para unha ou varios proxectos presentados, dos cales 25 teñen rexidor nacionalista, en canto á poboación que se beneficiará destas subvencións seiscientos mil habitantes habitan en concellos do PSOE, trescentos mil en concellos do PP, así podemos constatar que incluso o criterio das axudas concedidas pola Dirección Xeral para o Deporte os municipios que recibiran a segunda axuda máis importante e que se correspondente con Concellos con Alcaldes loxicamente do BNG, que teñen menor entidade poboacional, tampouco deixa de sorprender que en Municipios do BNG como Maceda con tres mil habitantes ou A Bola con mil catrocentos, xa recibiron subvencións no ano 2007 por importe de 43.900 Euros, e o segundo 23.900 euros, volven a resultar agraciados este ano con 360.000 euros o primeiro e con 50.000 euros o segundo. Polo contrario o Concello de Ares que levaba oito anos sen recibir ningunha subvención da Dirección Xeral para o Deporte, e que o ano pasado recibeu a negativa para poñer en marcha a iluminación do Campo de Fútbol de Prados Vello, acaba de obter unha axuda de 24.000 euros para un proxecto que supera os 90.000 euros, e mellor darlle A Bola 360.000 Euros, que en todo caso se dividira en dúas anualidades, a do 2008 con 10.000 euros e a do 2009 con 14.000 euros. A todos estes expostos que son constatables hai que sumar que o pasou moi en China a Directora Xeral nos xogos olímpicos, a pesar de que algun deportista galego de nivel, tivo problemas para adestrar e competir en condicións de calidade. Non me diga que estamos de noraboa polos 24000 euros que nos esa Dirección Xeral, cando é constatable o que reparte e como o reparte. Temos un



contencioso, como que vamos a seguir, porque da as Axudas a dedo, e o ano pasado houbo outro Concello de Lugo que non chega os mil habitantes que se levou 300.000 euros. Eu no sen cal e procedemento de reparto pero desde logo a nos non nos trata ben, leva oito anos sen darnos, e cando nos da para un proxecto de 90.000 euros nos da 24000 euros, en dúas anualidades. Por certo a subvención para reparar a Pista Polideportiva de Chanteiro nos contestou que non. Amañaremos a Pista de Chanteiro como podamos e a Deputación nos axudará. Non sabemos como vamos a casar todas as cifras, pero o que e evidente que a Dirección Xeral para o Deporte en Ares non colabora absolutamente en nada, en nove anos nos dan 24.000 euros para un proxecto de 90.000 euros, se vostede esta contento co que nos deu eu non. Isto o farei chegar a Directora Xeral, formará parte da proba do Contencioso e por suposto dareille publicidade. Hai que ver a subvención que levou Riotorto o ano pasado cincuenta millóns de pesetas.

A min o Ministerio de Defensa dame vergoña, e presento unha Moción para que investigue o accidente da Fragata Extremadura, a vostede a Dirección Xeral para o Deporte debería darlle vergoña, pero non lle da.

O Sr. Alcalde, resposta o Sr. Manuel Cendán, en relación cos contenedores, di que son unha historia moi complicada, os contenedores no Porto se arranxou un parque infantil, entonces non poden estar os contenedores contra o parte infantil, alí hai unha casa vella que ten donos, e se decidiu que é o mal menor, era onde menos dano facía, alí so vive xente no verán, no hai ninguén censado nesa casa, logo o veciño sae na Televisión Galego dicindo que vive alí, non é certo todos sabemos que mentiu, e certo que no verán se aluga, os contenedores teñen que estar nalgún sitio.

Nos contenedores da Rúa María, o unico que fixemos foi baixalo da beirarúa, para non poñerllo a ningún veciño o unico que se fixo foi baixalo da beirarúa. Se decidiu poñer onde sempre estivo.

As caídas de auga do garaxe hai que ir a miralas.

O Rotulo da Rúa da Ribera, hai que poñelo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e quince minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,